

XIV ASEMBLEA NACIONAL DE GALIZA NOVA

*a mocidade
construíndo
Galiza*



*a mocidade
construíndo
Galiza*

ÍNDICE

TESES DA XIV ASEMBLEA NACIONAL	4
ESTATUTOS DE GALIZA NOVA	32
RESOLUCIÓNS DA XIV ASEMBLEA NACIONAL	42
DIRECCIÓN NACIONAL DE GALIZA NOVA	44
DELEGACIÓNS CONVIDADAS E SAÚDOS RECIBIDOS	46
INTERVENCIÓN DO SECRETARIO XERAL	48

TESES DA XIV ASEMBLEA NACIONAL

CONTIDO

INTRODUCCIÓN

TESE POLÍTICA

1. COMO AFECTA A DEPENDENCIA DE GALIZA Á MOCIDADE GALEGA?

- 1.1. As consecuencias do capitalismo e a Unión Europea nas nosas vidas.
- 1.2. Por que precisamos soberanía e rachar coa dependencia de España?

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA MOCIDADE GALEGA

- 2.1. A dependencia condena a mocidade galega á precariedade, desemprego e emigración.
- 2.2. O ensino, a I+D+i e os servizos públicos galegos no punto de mira do Estado español.
- 2.3. O amorazamento dos nosos dereitos e a ofensiva patriarcal.
- 2.4. A invisibilización da diversidade sexual e de xénero, e a LGTBIfobia.
- 2.5. Persecución da nosa lingua, cultura e símbolos nacionais.
- 2.6. Unha Xunta carente de políticas de lecer e voluntariado.
- 2.7. Drogas: desinformación e prohibicionismo.
- 2.8. Imposibilitan a emancipación da mocidade galega e o dereito á vivenda.
- 2.9. Mobilidade na Galiza; materia pendente.
- 2.10. A colonización de Galiza e a destrución do medio.

3. A ALTERNATIVA NACIONALISTA PARA A MOCIDADE

- 3.1. Soberanía para ter traballo digno e na terra.
- 3.2. Soberanía para unha Galiza con servizos públicos e ensino de calidade. Pola Galiza do coñecemento.
- 3.3. Soberanas. Feminismo e liberdades sexuais.
- 3.4. Soberanía para unha lingua e cultura galegas vivas e con futuro.
- 3.5. Soberanía para desenvolvermos o deporte de base e lecer alternativo.
- 3.6. Lecer responsábel e a saúde sobre o negocio.
- 3.7. Soberanía para ter dereito á vivenda.
- 3.8. Soberanía para gañarmos en mobilidade.
- 3.9. Soberanía para unha Galiza sustentábel.
- 3.10. Soberanía para garantir os dereitos das persoas con diversidade funcional e dependencia.

4. A ESTRATEXIA XUVENIL NACIONALISTA

- 4.1. Fortalecer a autoorganización, avanzar a autodeterminación, camiñar cara a unha Galiza ceibe e popular.
- 4.2. Acción social e acción institucional.

TESE DE ORGANIZACIÓN

1. IMPULSAR GALIZA NOVA ENTRE A MOCIDADE

- 1.1. Axilizar o organizativo.
- 1.2. Erguer Galiza desde a base. A importancia de atender e localizar as problemáticas do día a día na localidade/comarca.
- 1.3. Formación.
- 1.4. O patrimonio e a capacidade financeira da organización.
- 1.5. Máis autoorganización feminista e máis implantación da Asemblea de Mulleres.
- 1.6. Asemblea LGTBI.
- 1.7. Simpatizantes.
- 1.8. As sedes do BNG e Galiza Nova comarcais. A Sede Nacional de Galiza Nova e actividade social.

2. COMUNICACIÓN

- 2.1. Comunicación interna nacional e comarcal/local.
- 2.2. Comunicación externa.

INTRODUCCIÓN

Mudarnos o presente coas nosas propias mans, decidir libremente como galegas e galegos o noso futuro, facer avanzar a historia en favor da mocidade e do pobo, facermos da Galiza unha nación ceibe nun mundo xusto e solidario, erguer unha sociedade nova nunha Galiza onde vivir, traballar, desenvolver coñecemento e prosperar sexa unha realidade. Estes son algúns dos principais obxectivos polos que traballa Galiza Nova. Cúmrense 100 anos do nacemento do nacionalismo organizado mediante a fundación das Irmandades da Fala, un fito de dignidade e rebeldía protagonizado por mozas e mozos que tornaron os destinos da Galiza. O certo é que o nacionalismo galego é o motor da historia do noso pobo, é a resposta democrática dunha nación periférica aos centros de decisión a un sistema cruel e corrupto que nos empurra ao empobrecemento e á dependencia. O nacionalismo é, por tanto, un movemento moderno, liberador, revolucionario e de vangarda, antagónico á actual estrutura xerarquizada dun mundo que se atopa gobernado polo capital e o imperialismo.

Mediante a autoorganización do pobo galego facemos avanzar o proceso de autodeterminación de Galiza. A estes parámetros responde Galiza Nova, actuando socialmente como ferramenta útil para a mocidade, estratéxica para aglutinar xuventude, ampliar a conciencia nacional das persoas máis novas e proporcionarlles unha organización para defenderse das distintas problemáticas e desenvolver as alternativas precisas. A organización xuvenil nacionalista segue a ser totalmente necesaria para a xuventude galega, para o avance da autodeterminación, e para o avance do propio BNG. Cumpre agora actualizar as nosas análises e avaliar as eivas para mellorar Galiza Nova e avanzar na súa referencialidade, e así contribuírmos no avance do proxecto de liberación nacional e social da Galiza.



TESE POLÍTICA

1. COMO AFECTA A DEPENDENCIA DE GALIZA Á MOCIDADE GALEGA?

1.1. As consecuencias do capitalismo e a Unión Europea nas nosas vidas.

O avance da globalización capitalista, ou sexa, do imperialismo, busca ampliar o control xeopolítico dos EEUU e os seus aliados como a UE, Israel ou Xapón, secuestrando a soberanía das nacións e desestabilizando os pobos que eruen modelos económicos e sociais ao servizo das maiorías. As potencias capitalistas exercen a violencia, promoven procesos de desestabilización e golpes de estado nos pobos que exercen a súa soberanía e desafían o imperialismo. A Unión Europea é unha ferramenta do sistema que ten o obxectivo de formar unha macro estrutura xurídico-política coa capacidade de espollar a riqueza de pobos como a Galiza, en favor do centro económico europeo.

A transferencia de competencias, centralizándoas na Unión, supón unha dupla negación da soberanía naquelas nacións que carecen actualmente dun Estado de seu, como é o caso do noso país, xa que ven furtada a súa capacidade de decisión propia tanto polos estados nos que fican forzosamente encadradas como por Bruxelas. Ademais a vixente realidade nos Estados xa constituídos motiva o cuestionamento a respecto da viabilidade, en termos de capacidade autogoberno efectivo, de propostas e procesos soberanistas en nacións sen Estado que aspiran a se culminar no seo da UE, mantendo a súa pertenza a esta. Ademais, esta cesión non é neutra en relación á dialéctica da loita de clases, que confronta os intereses do Capital dominante e das clases traballadoras explotadas. Non só estamos ante unha cesión de soberanía só cara as políticas impostas desde Alemaña ou Bruxelas, que intentan manter o seu statu quo, asistimos a un proceso no que todos os Estados, incluída Alemaña, ceden soberanía ás grandes empresas multinacionais e á banca privada, que son as que gobernan realmente o mundo capitalista fóra das institucións eleitas polo pobo.

Os chamados tratados de “comercio e investimentos” ameazan as nosas condicións de vida na Galiza. CETA, TTIP e TISA son tratados que se negocian en segredo entre as altas institucións e os lobbies financeiros, sobre os que os estados membros teñen nula capacidade de decisión. O obxectivo real é a eliminación de soberanía dos pobos para darlle máis poder as empresas transnacionais, que quedarían eximidas dos controlos e condicións derivadas das lexislacións estatais. O TTIP e o CETA supón a fin da capacidade produtiva na Galiza, xa que as empresas transnacionais poderían fabricar produtos de orixe galega en calquera parte do mundo que máis beneficios lle traian, co amparo dos seus tribunais.

Ademais, estes tratados supoñen a entrada de produtos até o de agora prohibidos no noso país como fármacos, transxénicos ou insecticidas. Tamén legalizaría métodos de extracción de gas como o fracking e darlille aínda máis poder ás empresas de megaminería, sendo estas dúas cuestións nefastas para a saúde do medio ambiente e da poboación galega. A implantación destes tratados suporía a perda dos servizos públicos gratuítos e universais.

Os diferentes estados terán que modificar toda a lexislación que promova a súa economía e industria. As empresas poderán demandar xudicialmente os estados de considerárense prexudicadas por algunha lei nacional, pero os estados non poderán demandar as empresas. As demandas serán resoltas por tribunais privados exentos de aplicar o Dereito nacional e o internacional. Ademais, desregulamentan as relacións laborais por seren un impedimento para a obtención de beneficios o que conlevará a unha maior precarización do mercado laboral.

1.2. Por que precisamos soberanía e rachar coa dependencia de España?

A Constitución española é a pedra angular da arquitectura institucional española en Galiza. Mais despois de todos estes anos temos a experiencia colectiva necesaria para certificar que as predicións que no seu día fixera o nacionalismo galego foron as acertadas. O tempo verificou que a Transición española foi unha fraude contra o noso País e os

dereitos democráticos. O seu fin é perpetuar a subordinación político-económica, a vulneración do dereito de auto-determinación, a desmobilización, a desestruturación da sociedade galega e a preservación na Galiza dos privilexios da oligarquía española e as súas institucións asociadas -monarquía, Igrexa Católica, Exército, etc.-.

A situación mudou socialmente nos últimos dous anos. Agora, vivimos unha etapa de grande desmobilización. O sistema fixo que o descontento se manifestase por vías inofensivas en lugar de permitir un avance de cara a un proceso de ruptura democrática da Galiza co Estado español. É chave o papel que xogaron novas alternativas xurdidas nos últimos anos coas que o sistema económico-político español só experimentou cambios superfluos á vez que conseguiron desmobilizar a poboación.

A única posibilidade de rachar actualmente co Estado é a promovida polo proceso do pobo catalán cara á súa independencia. Fica claro, pois, que o único movemento de ruptura co réxime establecido no Estado español pode provir do soberanismo.

É responsabilidade nosa levar o pobo galego a unha situación de posibilidade real de ruptura, así como transmitir dun xeito pedagóxico que Galiza con soberanía arrancaríala a situación de miseria que está a vivir hoxe en día. A precariedade laboral, a emigración masiva da mocidade e as restricións e os atrancos que sofren os nosos sectores produtivos son problemas derivados da nosa situación de dependencia, que poderíamos solucionar con capacidade de decisión e deben ser argumentos que empregueemos na nosa labor de creación de conciencia nacional no camiño da ruptura con este sistema cruel e corrupto.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA MOCIDADE GALEGA

2.1. A dependencia condena a mocidade galega á precariedade, desemprego e emigración.

As políticas levadas a cabo sucesivamente pola Unión Europea, o Estado español e a Xunta de Galiza están a supoñer a extinción da soberanía do pobo galego, coas consecuencias que isto trae: perda da capacidade de decisión sobre as políticas a emprender para desenvolver Galiza, apagamento dos dereitos laborais coa desaparición da negociación colectiva e a persecución da acción sindical, igualación das condicións salariais e empresariais “á baixa”, despedimento libre, emigración, destrución dos sectores produtivos... Deste xeito, eliminan os postos de traballo e condenan a mocidade a escoller entre o desemprego, a precariedade, a explotación ou a emigración.

Na actualidade, perto do 50% da mocidade está no desemprego e máis de 70 persoas mozas emigran ao día do noso País. As cifras de paro e emigración aumentaron desde que o PP goberna na Xunta, con máis de 100.000 persoas menores de 35 anos que apañaron as maletas na Galiza desde a chegada de Feijóo. Medidas da Xunta como o programa Galeuropa (co que se financia con diñeiro público a empresas fóra do Estado español que contraten mocidade por salarios cero), bonificacións fiscais a empresas que empregan modelos de contratación que non garanten estabilidade nin salarios dignos (como é o caso da fraude dos contratos de obra e servizo e os de formación), contratos temporais de un día ou mesmo por horas... son algunhas as políticas estrela da Xunta para maquillar as estatísticas do desemprego xuvenil.

2.2. O ensino, a I+D+i e os servizos públicos galegos no punto de mira do Estado español.

O pagamento da débeda pública, que nós non xeramos, foi a escusa dos partidos españois para reducir o gasto nos servizos públicos e incrementar a súa privatización, maiormente na educación e sanidade públicas galegas. Desde Madrid implantaron reformas educativas para un ensino de elites, como amosa a suba de taxas continua ou a redución de bolsas, e a prioridade dos criterios académicos a respecto dos económicos. Levan anos mercantilizando o ensino co Espazo Europeo de Educación Superior e posteriores normas, que fan depender as universidades e o seus obxectivos de intereses de empresas privadas.

A LOMCE é unha lei mercantilista, clasista, relixiosa, sexista e españolizadora, unha medida coa que o PP pretende apagar o desenvolvemento do espírito crítico e a posta en cuestión dos dogmas. Impúxose unha lei na que a Igrexa

augmenta a súa importancia aínda máis, fóméntase un ensino españolizador que non teña en conta a sociedade galega, con subvencións á segregación do alumnado por sexos, e no que se garante a reprodución social do machismo. É unha lei antipedagóxica que limita a obtención do título a unha soa proba, aínda que se teñan aprobado todos os cursos desa etapa educativa. Obriga a retroceder no sistema a quen suspende a reválida e limita moito as opcións de estudos, aumentando as probabilidades de abandono escolar para as fillas de traballadoras. Reduce as horas do galego como lingua vehicular no ensino e recentraliza competencias de xestión de contidos, uniformizando cada vez máis o ensino galego co do resto do Estado e vetándonos o coñecemento da nosa realidade propia.

Coa LOMCE creouse a FP básica, con contidos xerais e escasos que desmelloran a calidade da Formación Profesional. O modelo actual fracasou porque non hai inversión nin investigación, nin potenciación dun sistema pedagóxico que teña como prioridade a educación por igual do alumnado. Para o sistema económico actual é un camiño máis económico e sinxelo, mais só crea a man de obra barata e explotación laboral. Ademais, nos últimos anos, tamén se creou a FP Dual, que privatiza o ensino, xa que o Estado traslada a formación ás empresas, reducindo custos nos servizos públicos ao eliminar profesorado, por exemplo.

Esta lei elitista é continuada no ensino universitario co Decreto do 3+2, que chega sen cuestionar o sistema de grao + mestrado imposto polo Plano Boloña. O decreto baleira de contidos os graos e obríganos a especializarnos cada vez máis a un custo máis elevado para poder acceder a un emprego, xa que na Galiza, a diferenza do resto de Europa, o custo dos mestrados é maior que os graos. É, ademais, outra vía de nutrir as universidades privadas, dada a escasa oferta de mestrados existente nas públicas.

A sanidade pública está en situación de emerxencia, posta ao servizo dos intereses privados para facer negocio coa saúde das persoas e completamente desmantelada a base de redución de orzamentos, persoal e camas, repagamento de medicamentos e copago sanitario. Os recortes teñen consecuencias directas na prestación dos servizos sanitarios xa que nos encontramos con urxencias colapsadas, persoal sobrecargado de traballo, longas listas de espera, non dispensación de tratamento para persoas con doenzas graves ou dificultades dos colectivos máis vulnerábeis para obter medicamentos (copago e exclusión de fármacos do catálogo).

As políticas de desmantelamento do PP chegan tamén ao sistema galego de I+D+I, recentralizando as competencias e favorecendo os entes privados. Isto afecta dobremente a mocidade galega, obrigando a emigrar a persoal investigador xa formado e dificultando a formación de novas persoas investigadoras.

2.3. O amordazamento dos nosos dereitos e a ofensiva heteropatriarcal.

Vivimos unha involución nos dereitos das mulleres que evidencia o falso discurso dos avances do feminismo en Occidente, concretamente nos territorios periféricos coma o noso. A falta de soberanía e as políticas conservadoras e patriarcais repercuten negativamente na educación, aplicando recortes nas axudas de igualdade e desmantelando os Centros de Información ás Mulleres, e fomentando a política do medo nas mulleres das clases populares ao tentar rachar coa súa capacidade de mobilización e decisión.

Hai que destacar o retroceso nos dereitos laborais, reflectido na perda de emprego feminino e no deterioro das condicións laborais das que aínda manteñen o seu posto de traballo. Nos últimos 5 anos Galiza perdeu 50.900 postos ocupados por mulleres e incrementouse o emprego a tempo parcial obrigado. Por mor da precaria situación, moitas mulleres abandonan a expectativa de atopar un emprego, despois de anos agardando un traballo nun mercado cada vez máis masculino, onde as mulleres e toda a carga asociada á maternidade e coidados considéranse un “problema de produción”.

Fenda salarial, recortes de prestacións, de servizos e de garantías sociais, de dereitos sexuais e reprodutivos... Todo isto constitúe un modelo de sociedade onde a desigualdade aumenta entre ricas e pobres e entre mulleres e homes. A maiores, hai que sumar a progresiva privatización e os recortes nos servizos públicos: sanidade, educación, servizos sociais e atención á dependencia a cal repercuten nas familias e sobrecarga as mulleres.

A violencia machista que cada ano sofren máis mulleres nas súas expresións máis extremas: o maltrato, a violación e o asasinato, é consecuencia da estrutura patriarcal na que vivimos. Milleiros de mulleres sofren a violencia menos

visíbel, a psicolóxica, moitas delas sendo mozas. Condutas socialmente toleradas impostas polos roles e estereotipos de xénero difundidos a través dos axentes de socialización como a familia, amizades, escola, medios de comunicación e Internet. O desenvolvemento das novas tecnoloxías orixinaron novos espazos de control e dominación das mulleres o que carrexou a re-produción da violencia nos espazos virtuais, aumentando os casos de control das mozas. Temos que facer fronte a unha sociedade con escasa conciencia do sistema patriarcal que nos oprime. O propio feminismoponse en cuestión. Resulta alarmante como termos do estilo de “igualitarismo” ou “hembrismo” se introducen en numerosos discursos e callan en parte da sociedade. É urxente e necesaria unha maior concienciación e formación entre a xente nova.

Estamos ante un goberno galego que non activa os protocolos necesarios, non realiza campañas contra o silencio e complicidade, e non promove a coeducación nos centros educativos para camiñar cara unha sociedade igualitaria e avanzada.

É importante tecer lazos e conexións co movemento feminista galego e traballar por unha transformación social que abranxa máis que o terreo institucional, queremos xerar procesos de autonomía e independencia fronte aos poderes constituídos e o capitalismo, por unha maneira de crear sinerxías que impregnen tamén as estruturas organizativas de participación social.

Nesta análise da situación tampouco podemos esquecer as mulleres que están a sufrir a crise do capital de forma máis brutal: as mulleres con diversidade funcional (que nin sequera son obxecto de políticas), as traballadoras da economía somerxida, as inmigrantes, as traballadoras do sexo e as vítimas da trata (as cales ademais non están incluídas na lei contra a Violencia de Xénero) e as traballadoras do fogar.

-Recorte de dereitos e liberdades:

Son coñecidas as críticas de diferentes organismos internacionais ao Estado español por pór constantes trabas ao exercicio dos dereitos e liberdades colectivas e individuais.

Nos últimos anos deuse un retroceso nos dereitos sociais. A Lei Mordaza certifica que a transición foi unha manobra do sistema para continuar o réxime do franquismo mais mudando as formas. O Estado incrementou a súa ofensiva contra o nacionalismo e a represión estivo á orde do día na Galiza, Euskal Herria e Catalunya.

En Galiza Nova e no conxunto do movemento nacionalista galego coñecemos de primeira man a represión dos organismos estatais para inculcar a doutrina do medo e tentar a desmobilización pola vía de sancións económicas e administrativas, cargas policiais, condenas xudiciais e privación de liberdade...

Galiza Nova solidarizouse coas galegas e galegos cuxos dereitos humanos foron vulnerados pola aplicación da lei antiterrorista española, denunciámos a ilegalización de colectivos soberanistas, a dispersión das persoas galegas apresadas e a existencia da Audiencia Nacional xa que é un tribunal de excepción e herdado do franquismo.

Ademais, non podemos esquecer que os cárceres galegos incumpren a función de reinserción na sociedade e acumulan denuncias de diferentes colectivos por vulneración de dereitos humanos.

2.4. A invisibilización da diversidade sexual e de xénero, e a LGTBfobia.

A discriminación que padecen a día de hoxe as persoas LGTBI vén dada pola construción das identidades de xénero binarias Home-Muller e a heterossexualidade como norma. Toda desviación desa norma incomoda ao sistema cisheteropatriarcal, respondendo este con agresións permanentes contra toda disidencia sexual ou de xénero.

Os prexuízos sociais continúan viventes de tal forma que o “saír do armario” se convirte nunha barreira cotiá, invisibilizando as diversas identidades e levando a moitas persoas á clandestinidade. Esta descuberta da identidade é moitas veces incompleta por mor de prexuízos, como é o caso da plumofobia, de xeito que moitas persoas se senten obrigadas a non manifestaren actitudes que poden ser consideradas do xénero oposto.

Os discursos da dereita, xunto coa Igrexa e os grupos de poder, provocan o aumento das agresións e da LGTBIfobia e invisibilizan a diversidade afectivo-sexual na sociedade e concretamente no ensino, onde se perpetúan actitudes machistas e a heteronormativas. Así, o acoso escolar segue imperante, manifestándose en agresións psíquicas e físicas á mocidade LGTBI, chegando a marxinala dos círculos sociais ou mesmo causando o suicidio. Cumpre destacar os suicidios das persoas trans, quen continúan a seren patoloxizadas pola Organización Mundial da Saúde. Pese a todo, o goberno galego segue sen desenvolver protocolos de atención para as mozas transxénero nin ningún tipo de medida para acabar coas agresións, continuando a recortar en gasto, como tamén é o caso da redución en prevención das ITS e VIH, perpetuando a estigmatización do colectivo seropositivo. Somos conscientes da porta que se abre co proxecto da Lei Galega de Identidade de Xénero, reivindicación histórica das diferentes entidades que forman parte do tecido Trans de Galiza, buscando o recoñecemento da identidade de xénero en todos os ámbitos da vida, así como unha carteira de servizos e políticas públicas a favor da inclusión das persoas trans na sociedade.

Actualmente, non existe ningún movemento nacional galego na defensa dos intereses LGTBI, porén, si hai diversos colectivos, moitos deles de carácter comarcal, que loitan contra as diferentes agresións cisheteropatriarcais, e promoven a visibilización e normalización da diversidade sexual e de xénero. É necesario fortalecer esta loita e contribuír á hora de crear un movemento nacional LGTBI para avanzar e construír unha sociedade sen discriminacións e en pé de igualdade, sobre todo no rural, onde a normalización se fai aínda máis dificultosa por mor da falta e/ou desmantelamento de servizos fundamentais como centros e profesionais de referencia, espazos de conforto, referentes organizativos ou mesmo liñas de transporte colectivo que acheguen a comunidade LGTBI a estes servizos nas cidades.

2.5. Persecución da nosa lingua, cultura e símbolos nacionais.

Os poderes españois manteñen unha cruzada contra os aspectos que nos identifican como nación. O PP acabou co apoio á creación e difusión cultural galega, desmantelando liñas de axuda, circuitos musicais e audiovisuais, e emprendendo unha liña de substitución da nosa cultura pola española. Con este mesmo obxectivo, o goberno do PP tamén desmantelou as seleccións deportivas nacionais galegas. Por se fose pouco, resucitou o partido da selección galega de fútbol previo aos comicios galegos, con carácter electoralista, só en competición masculina, e cunha nefasta difusión. Ao mesmo tempo a exaltación das equipas españolas e a súa simboloxía promove na mocidade galega unha perda de identificación coas equipas galegas e as nosas deportistas.

Desde a chegada de Feijóo á Xunta prohibiuse impartir materias como matemáticas e de modalidade como física, química, tecnoloxía e economía en galego por vez primeira desde o franquismo, incumpríuse decididamente a Lei de Normalización Lingüística, apóiase desde os poderes públicos ás institucións privadas e públicas que sistematicamente vulneran os dereitos das persoas galegofalantes, subvenciónanse con amplas contías de axudas para medios en galego a empresas de comunicación onde o galego é residual etc. Non é casual que, por vez primeira desde a Transición, a porcentaxe de galegofalantes fique por debaixo da de españolofalantes no noso país, amosando claramente unha redución drástica no seu uso, e repercutindo negativamente no obxectivo de normalizar a nosa lingua. Esta situación vai moito máis alá, polo tanto, dunha mala xestión en política lingüística: estase a desenvolver unha agresión directa contra o noso idioma, vulnerándoo cada vez máis desde as institucións e eliminándoo progresivamente dos espazos comúns.

Tampouco a Xunta de Galiza destina recursos suficientes á escavación, conservación e investigación do noso Patrimonio. Galiza ten moito que ofrecer, mais existen casos ao longo do País de vestixios ou restos descubertos que, ou ben se investigan pero son rapidamente abandonados, ou non se investigan por falta de orzamento destinado a estas actividades. Un pobo sen lingua, mais tamén sen Historia, perde a súa razón de existir.

Cumpre, pois, reverter as políticas antigalegas, dirixidas a excluír o galego do espazo público e privado -educativo, administrativo, xudicial, mediático, audiovisual, mercantil, etc.- e impulsar definitivamente a cultura galega.

2.6. Unha Xunta carente de políticas de lecer e voluntariado.

O PP criminaliza o lecer nocturno da mocidade e faino de maneira hipócrita, pois apoia un modo de lecer consumista en mans de empresas que deseñan e se benefician do modelo de ocio que impoñen. Ademais a Xunta carece de

políticas de lecer con programas de ocio e diversificación de actividades diferentes ao consumo de alcol e outras substancias. Non hai preocupación por dotarse de espazos para ocio nocturno que concilien o lecer co descanso da veciñanza. Alíase, dáse unha criminalización e represión económica na rúa. A negativa da Xunta a recuperar o Noitebús é propio dun goberno demagóxico que impide pór servizo público de transporte á mocidade para desprazarse por motivos de lecer dunha maneira segura.

Unha das reivindicacións históricas de Galiza Nova no eido do lecer foron os Locais de Ensaio públicos e gratuítos, postos en marcha durante o goberno da Xunta a iniciativa do BNG co obxectivo de potenciar a inmensa creatividade da mocidade galega e crear espazos accesíbeis e ao servizo da propia mocidade. Despois de seren desmantelados polo PP, unicamente se manteñen activos e referenciais a día de hoxe nalgúns dos concellos onde o BNG impulsou esta iniciativa

Con relación á actividade deportiva, podemos analízala desde dous puntos de vista diferentes: a profesional e os clubs de base. A práctica deportiva profesional está condicionada polo capitalismo, que a ve como un elemento máis a converter en negocio. A evolución das grandes entidades deportivas, coa busca de beneficio económico, deixan moi atrás os principios sociais e de saúde física cos que naceu o deporte. Convértense os eventos deportivos profesionais en espectáculos corruptos e machistas, utilizados tamén para desviar a atención da sociedade coa conivencia dos medios de masas. Os clubs de base e en especial os femininos, ven como os orzamentos e o apoio que a administración lles brinda son desproporcionados con relación aos que a práctica deportiva profesional obtén, subsisten con dificultades e grazas ao voluntarismo e ao sacrificio, algo maiormente perceptíbel nos deportes minoritarios, inclusive a nivel profesional.

2.7. Drogas: desinformación e prohibicionismo.

En canto ás drogas, vivimos unha completa desinformación nos servizos de xuventude. Tampouco existen centros de información especializados nin unha correcta formación no ensino. As drogas non un tema tabú na nosa sociedade, o que dá lugar a un amplo descoñecemento, estereótipos e estigmatización. Ademais, os gobernos aplican políticas prohibicionistas que potencian o tráfico ilegal e enriquecen o negocio de quen xoga coa saúde pública.

2.8. Imposibilitan a emancipación da mocidade galega e o dereito á vivenda.

A Xunta abandonou as políticas de acceso á vivenda con continuos recortes orzamentarios nas mesmas, en beneficio das grandes promotoras, e deixou de lado a protección pública e a rehabilitación. Desbotouse calquera forma de intervención no mercado da vivenda que salvase os actuais impedimentos a un acceso igualitario a ela, o cal é aínda máis grave no caso da xente nova.

Como consecuencia, hoxe en día para moitas persoas o dereito á vivenda, que debería ser un dereito garantido polo poder público, é un ben inaccesíbel. Na Galiza, cada día 7 persoas son expulsadas das súas casas e a maior parte da mocidade non pode emanciparse, tendo que depender na maioría dos casos da axuda da súa familia para subsistir economicamente. Pola contra, os bancos son propietarios de máis de 300 000 vivendas baleiras, e no rural moitas vivendas e mesmo aldeas enteiras fican deshabitadas pola falta de oportunidades neste medio, e coa complicidade das administracións, que se manifesta en forma de abandono por parte do poder público.

2.9. Mobilidade na Galiza; materia pendente.

O noso País presenta un importante déficit en materia de mobilidade, derivando esta situación da ausencia de planificación e da falta de interese por parte da Xunta por vertebrar un sistema de transporte público que comunique as diferentes comarcas de Galiza e sexa consecuente coas características propias do noso País.

Isto dá lugar a unha dependencia do transporte privado para estudar, traballar ou desenvolver calquera tipo de actividade. Hai que pular e loitar para que o transporte público pase a se converter na opción prioritaria da sociedade galega. A optimización dos sistemas de mobilidade públicos do noso país é un dos piares máis importantes sobre a

que se podería sustentar a reestruturación demográfica e económica. Para iso, é innegábel a necesidade de mellorar e aumentar a eficiencia das liñas existentes, e unha redución, estudada, equitativa e proporcional, das tarifas a nivel urbano, comarcal e intercomarcal. A maiores, cumpre non esquecer o mal estado e a perigosidade das estradas galegas, todas elas con falta de seguridade viaria e mantemento, con nulos investimentos e cunha rede viaria deseñada en función do automóbil. Urxe desenvolver un novo modelo de mobilidade na rede de estradas, primando a seguraza viaria, a accesibilidade, e as formas amábeis de mobilidade, principalmente a peonil e ciclista.

No caso do ferrocarril mellóranse liñas facéndoas máis rápidas que en consecuencia ás veces deixan sen conexión a vilas intermedias (como na liña Santiago de Compostela-Ourense) ou eliminan a posibilidade de optar a un transporte máis económico, cando se poderían compaxinar as dúas opcións perfectamente. Tamén se crean estacións sen sentido nin servizo (como a de Padrón-Barbanza) mentres non se arranxan as estacións con barreiras arquitectónicas para persoas de mobilidade reducida ou de ter unha conexión Wi-Fi nos ferrocarrís.

No caso do autocarro a conexión galega é moi deficitaria, as vilas pequenas que non pertencen á metrópole dunha cidade carecen de transporte suficiente como para poder desenvolver unha vida sen transporte privado. Tamén hai innumerábeis aldeas sen un transporte público que lles permita viaxar á súa vila ou cidade de referencia para calquera tarefa. Estes aspectos dificultan unha vida normal da xente moza, que carece de transporte privado para moverse, sexa por non ter idade de conducir ou por non ter capacidade económica de ter un transporte propio

2.10 A colonización de Galiza e a destrución do medio.

Galiza posúe recursos condicionados por un medio natural diferenciado. Equilibrar a necesidade de desenvolvemento e a sustentabilidade require estratexias propias e transversais que poidan garantir un futuro con calidade de vida.

A actividade económica é cada vez máis agresiva co medio, rende contas a intereses privados e externos, polo que temos un territorio espoliado e a degradado. A perda de soberanía no sector primario supón minguar a soberanía alimentar e renunciar a unha produción sostíbel (máis gasto en transporte, produtos fitosanitarios, conservantes...). Precisamos soberanía para manter o mar en bo estado e á vez produtivo. Un futuro sostíbel tampouco é posíbel sen unha estratexia de produción enerxética axeitada. Mais unha vez vemos como Galiza podería auto-abastecerse dun recurso sen comprometer o medio grazas á nosa riqueza natural.

A ausencia de vontade ordenadora por parte da Xunta do PP fai que estexamos á cola en superficie de espazos naturais protexidos e, o que é máis grave, as escasas normas aprobadas en materia de protección do medio e os recursos están baleiras de contido. O PP segue a potenciar que o modelo SOGAMA se expanda por todo o país, coa instalación de macro vertedoiros e a queima de residuos. Así mesmo, as multinacionais continúan a degradar con liberdade o noso territorio. ENCE, á que o Goberno de Rajoy en funcións lle asegurou 60 anos máis en Pontevedra, contamina a Ría, destrúe postos de traballo e favorece o monocultivo de especies foráneas.

A falta de perspectivas de futuro no rural deriva tamén dun modelo territorial español, e dunha concepción de Galiza como colonia para materias primas. Temos un rural que esmorece cun monte sen aproveitamento, reducido a eucalipto para ENCE e sometido a recortes en extinción e prevención de incendios. En lugar de apostar pola xestión mancomunada do monte e a socialización dos beneficios que aporta, precarízase a súa xestión e privatízase SEAGA. Os lumes son adxudicados directamente aos incendiarios sen investigar todos os negocios que hai detrás dos incendios. De feito, o PP vén de promulgar unha Lei de Montes que permite recalificar o solo arrasado polo lume en solo urbanizábel.

Non se poñen en marcha políticas sustentábeis e respeitosas co medio que permitan aproveitar os nosos recursos. En lugar de asegurar a igualdade de oportunidades para a poboación dos pequenos núcleos, degrádanse os servizos públicos e expúlsase na práctica á mocidade. Sen iniciativas innovadoras e sen mocidade, condenan a dous terzos do noso territorio a esmorecer.

3. A ALTERNATIVA NACIONALISTA PARA A MOCIDADE

Desde Galiza Nova queremos construír un tempo novo para Galiza e para a mocidade con xustiza social, igualdade e liberdade. Queremos vivir e traballar na propia Terra sen que as nosas alternativas ao desemprego sexan o traballo en precario ou a emigración. Loitamos pola soberanía nacional de Galiza e un novo modelo social e económico ao servizo da mocidade e das clases traballadoras galegas, participativo, democrático, feminista e ecoloxista.

3.1. Soberanía para ter traballo digno e na terra.

A soberanía é esencial para ter traballo digno en Galiza e frear as políticas de destrución de emprego da Xunta, o Estado español e a Unión Europea. Tense demostrado a irreformabilidade do Estado español, o único xeito de acadar a soberanía para o pobo galego é mediante un proceso de autodeterminación que culmine cun estado propio que sexa quen de tomar as súas propias decisións. Porén, na actual fase globalizadora do capitalismo estase a mostrar como estados supostamente independentes non son donos da súa soberanía, aínda máis dentro da UE. Deste xeito para facer de Galiza un país quen de decidir sobre o seu, é necesario non só chegar a unha independencia formal, senón pular por outro modelo económico, no cal o noso pobo teña capacidade real de decisión e non as grandes empresas. Nunha Galiza con poder de decisión, non estaríamos sometidas aos mandatos de Madrid e Bruxelas e poderíamos pór a producir o País. É prioritario frear a emigración da mocidade e emprender políticas que favorezan o retorno de quen tivo que marchar. Reclamamos traballo digno, na terra, estábel, con dereitos e xustamente remunerado.

Galiza Nova elaborará un Plan de Emprego Xuvenil e o Plan Retorna, e traballará na rúa e nas institucións para demandar a súa aprobación e posta en marcha. Estes plans son unhas das principais medidas que defendemos na campaña e que estiveron presentes no programa do BNG. Están dirixidos a xerar emprego digno en Galiza e fomentar as condicións que permitan o regreso das persoas emigradas, particularmente das mozas e mozos, e que inclúe medidas específicas e transversais aos sectores estratéxicos da nosa economía a reactivar. O noso traballo inserido nestes plans darán especial atención ao retorno de persoal investigador e tecnólogo que se atopa emigrado, esixindo liñas de axudas institucionais. Galiza Nova esixe á Xunta apoio real e económico á creación e ao emprendimento.

Para recuperar emprego e gañar en dereitos, Galiza Nova esixe derrogar as reformas laborais do PP e do PSOE, ilegalizar as ETTs e a prohibir os contratos precarios, eliminar as horas extras, reducir a xornada laboral a 35h, aumentar o SMI, establecer remuneración cando menos co SMI aos contratos en prácticas, formación e de convenios de empresas con universidades.

3.2 Soberanía para unha Galiza con servizos públicos e ensino de calidade. Pola Galiza do coñecemento.

- Na defensa do ensino galego.

Decidirmos nós sobre a nosa educación para un ensino galego, público, de calidade, democrático, laico e non heteropatriarcal. Para un ensino pedagóxico e científico que non se asente no meramente memorístico, para eliminar as reválidas e regular a concesión de bolsas de estudo. Por iso pulamos por unha Lei Galega de Educación, en función das nosas necesidades e intereses, inserida na nosa realidade social, cultural, económica e lingüística e que asegure o dereito universal de todos e todas as galegas a unha educación pública, galega e gratuíta. Isto é fundamental se queremos que o noso idioma se perpetúe no tempo, pois a perda de falantes é alarmante nas xeracións máis novas, sendo prioritario un ensino que garanta o coñecemento e uso da nosa lingua.

Na Galiza existen a día de hoxe aproximadamente 200 centros de ensino en todas as súas modalidades obrigatorias que posúen unha xestión de carácter privada, o que non quere dicir que o seu financiamento sexa exclusivamente particular. O Estado español e a Xunta de Galicia favoreceron non xa a súa perpetuación, senón que promoveron a súa creación principalmente en núcleos urbanos ao longo dos últimos 40 anos. Así, resultaba máis fácil, e rápido electoralmente falando, para os diversos gobernos locais e da Xunta de Galiza, no tanto de construír centros de primaria e secundaria, chegar a acordos (concertos educativos) con estas institucións de ensino privado. Institucións que por motivos históricos derivados da ditadura pertencían e pertencen na súa meirande parte a distintas ordes relixiosas.

Queremos, pois, un ensino laico no que a materia de relixión non forme parte do currículo escolar nin estexa presente nos centros de ensino. Pulamos pola eliminación dos concertos educativos, a comezar polos centros que segregan alumnado por sexos.

Ademais, esiximos o aumento de residencias públicas e que se favoreza o acceso a unha vivenda en alugueiro que todas as estudantes se poidan permitir, así como a creación e mellora dos comedores escolares.

Consideramos tamén fundamental que o galego sexa a lingua vehicular en todas as etapas e en todos os campos do saber, tamén na universidade, e que a través do ensino se fomente a produción científica e cultural no noso idioma. Para un marco educativo galego precisamos dunha distribución axeitada das titulacións de Formación Profesional en consonancia co mapa productivo comarcal e a realidade xeográfica do país que permita escoller estudos sen que existan limitacións por cuestión de vivenda ou transporte, así como unha reestruturación do sistema universitario galego nunha Universidade galega única. O sistema de tres universidades só implica unha disputa entre elas polos poucos fondos existentes e un solapamento de graos, provocando competencia entre elas.

- Investigación e coñecemento.

Os recortes nos servizos públicos tamén desmantelaron a investigación na Galiza, expulsando a moita mocidade que tivo que buscar oportunidades fóra do noso País ou paralizando proxectos de relevancia.

É necesario incorporar ao sistema galego da I+D+i novo persoal investigador cun financiamento estábel e fomentar o I+D+i na universidade, apoiando os programas de doutoramento. É necesario vincular a política de investigación e formación de persoas tituladas e doutoradas coa política de inserción laboral, e avogamos polo establecemento dunha carreira profesional investigadora. Así mesmo, deberase fomentar/axudar á creación de revistas científico-técnicas indexadas, favorecendo o uso do galego no ámbito investigador, a formación de persoal investigador en galego e o crecemento curricular na nosa lingua, pulando dun xeito máis activo a colaboración con revistas da lusofonía.

- Sanidade pública, información e asesoramento afectivo sexual.

O PP recorta, privatiza e desmantela a sanidade para facer negocio coa saúde. Defendemos unha sanidade pública galega e de calidade, con cobertura universal e gratuíta, para todo o pobo e mocidade, independentemente da situación económica ou familiar de cada quen, e tamén para as persoas migrantes.

Defendemos a inclusión da cirurxía de reasignación sexual, así como todos os outros tratamentos, asistencia e asesoramento, que constitúen o tránsito das persoas trans no SERGAS, de forma totalmente gratuíta.

Demandamos unha verdadeira implicación da Xunta de Galiza para combater os trastornos alimenticios, mediante a creación de obradoiros específicos, formando ás traballadoras dos centros de ensino na detección precoz e creando unha rede asistencial sólida. Asemade, cumpre regulamentar a publicidade e os modelos de beleza promovidos pola industria para previr estes trastornos. Reclamamos tamén o dereito a poder abortar na sanidade pública, sen que isto poña en perigo as nosas vidas e sen que se nos obrigue a desprazarnos a centros situados fóra da Galiza. Resulta primordial lexislar acerca da obxección de conciencia dos profesionais sanitarios para que isto non sexa unha escusa que menoscabe os nosos dereitos reprodutivos.

A pesar dos anos transcorridos dende que o PP desmantelou e desvirtuou os Centros Quérote (unha medida posta en marcha polo BNG na Xunta e que fora reivindicación de Galiza Nova) seguimos a considerar necesario un servizo de asesoramento afectivo sexual científico, confidencial e accesíbel para a mocidade galega que forme nunha sexualidade libre, segura e gozosa. Por iso pulamos pola recuperación dos Centros Quérote, con persoal formado, máis servizos e atención telefónica e presencial.

3.3. Soberanas. Feminismo, liberdades sexuais e diversidade de xénero.

Queremos construír unha Galiza feminista, superadora do patriarcado, sen discriminación por xénero ou orientación sexual. Nos últimos anos vimos como os feminicidios foron aumentando e son moitas as mulleres que viven situacións

dramáticas. Esiximos polo tanto a creación de medidas específicas por parte do goberno galego e non admitimos recortes nin retrocesos na loita contra o terrorismo machista. Ante a recrudescencia da opresión sobre as mulleres, o noso compromiso é derrubar o sistema patriarcal, a través do traballo da militancia, da Asemblea de Mulleres e do movemento feminista galego.

Debemos actuar con contundencia e combatividade ante as agresións que padecemos e aumentar a conciencia da mocidade pola emancipación das mulleres e polo noso empoderamento. A militancia debe ser quen de analizar a realidade e ter consciencia das situacións de desigualdade que nos rodean, sensibilizándose e actuando diariamente contra as violencias que afectan ás mozas, tanto as físicas como as non visíbeis. Debemos ser conscientes da incidencia que ten a linguaxe na perpetuación das desigualdades, pois esta non é neutra. Neste senso, a militancia de Galiza Nova debe facer un uso consciente da linguaxe inclusiva e non sexista no seu día a día, así como en calquera manifestación pública, oral ou escrita da organización e introducindo o emprego do feminino xenérico como ferramenta para visibilizar e dar voz ás mulleres nos espazos públicos e privados.

Desde a Asemblea de Mulleres de Galiza Nova, xunto ao movemento feminista galego, seguiremos traballando para esixir poder de decisión sobre as nosas vidas e que ningunha lei nos poida arrebatarnos a soberanía dos nosos corpos, como está a acontecer coas mozas de 16 e 17 a quen se lles impón autorización de pais, nais ou xudicial para decidir sobre a súa maternidade. Galiza Nova leva moitos anos reivindicando as liberdades afectivo sexuais e outro modelo de relacións entre as persoas, superando os preconceitos e as categorías, baseado na soberanía dos corpos, nunha sexualidade libre, segura e gozosa. Dende a Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidade de Xénero cómpre realizar un traballo continuado, pedagóxico, extensivo en todo o territorio e reivindicativo.

Reivindicamos unha sexualidade libre e diversa, fronte ao padrón único da heteronormatividade e a dominación do heteropatriarcado. Esiximos unha aposta clara no sistema educativo e a penalización de todos os ataques discriminadores e penalizadores das persoas LGTBI.

3.4. Soberanía para unha lingua e cultura galegas vivas e con futuro.

A lingua e cultura galegas son as expresións do que somos e son as ferramentas esenciais para a cohesión e a transformación social e o fortalecemento da consciencia e a identidade nacional.

Galiza Nova dá a batalla por avanzar na normalización da nosa lingua, e seguiremos impulsando o traballo da Plataforma Queremos Galego.

Somos moi conscientes de todas as posibilidades que nos brinda a nosa lingua, mesmo a nivel internacional dentro da comunidade lusófona, polo que é fundamental a posta en práctica da ILP Valentín Paz Andrade, aprobada no Parlamento de Galiza. Ademais, debemos difundir proxectos e iniciativas en galego coa grafía do Acordo Ortográfico da Língua Portuguesa (AOLP) e introducir máis contidos con esta grafía nas nosas publicacións.

A militancia de Galiza Nova debe ser tamén axente activo da normalización lingüística, utilizando a lingua galega en todos os ámbitos do día a día. Motos dos nomes e apelidos galegos foron deturpados sofrendo a españolización da nosa identidade. A restitución dos nomes e apelidos tratábase dun aspecto que non deu tempo a facer efectivo dentro da campaña de lingua que estivemos a desenvolver en 2016. Cómpre levar a cabo esta parte da campaña animando á mocidade a dar o paso a galeguizar e restituír os nomes e apelidos, a comezar pola propia militancia, servindo esta como exemplo.

Non admitimos a manipulación dos nosos símbolos, como Rosalía e Castelao. Tampouco a ocultación e terxiversación da nosa historia. Oúltase que o primeiro reino medieval de Europa foi o Reino Suevo da Galiza, que aquí se produciu a Revolta Irmandiña, a máis exitosa das revoltas tardomedioevais, triunfando fronte a nobreza e sendo exemplo de toma de poder do pobo galego, así como a resistencia que existiu en Galiza fronte os Reis Católicos e as sucesivas ofensivas españolizadoras, que foi esmagada co uso da violencia. Mentres o ensino e as institucións sigan agochando a nosa identidade, seguiremos a loitar e a dando a coñecer entre a mocidade a nosa literatura, historia, música, as nosas creadoras e as nosas festas, promovendo cultura alternativa. Porque tamén queremos festas galegas e populares, fronte á súa españolización e fronte ás touradas, ante as que amosamos o noso completo rexeitamento, non só

pola crueldade e dor para os animais, senón tamén por ser utilizadas para españolizarnos.

- Medios de comunicación.

A estratexia dos medios de comunicación de masas é manter a hexemonía do sistema. A programación das canles de televisión mantén un tratamento das desigualdades potenciándoas e defendéndoas. A maioría dos medios de comunicación aos que ten acceso o pobo galego pertencen a conglomerados mediáticos españois con capital transnacional, que distorsionan a realidade manipulando a información en base aos seus intereses económicos, e actuando baixo unha óptica centralista que nos ignora como pobo.

O tratamento e a cobertura dos medios faise desde a óptica españolista, clasista e racista. Galiza é continuamente marxinaada, os nosos nomes propios e toponimia son deturpados, e as galegas e galegos somos ridiculizados e motivo de innumerábeis esterotipos e mofas xenófobas. A programación da CRTVG non está acorde coa realidade galega, mostrando unha imaxe tópica e folclórica do noso país e ocultando toda a súa riqueza e diversidade no plano cultural. A TVG eliminou a maior parte de contidos destinados a mocidade e crianzas, a pesar de ter altos niveis de audiencia e ser recoñecidos como axentes normalizadores da lingua. É preciso recuperalas, combinar contidos propios con programas dobrados ao galego. Queremos tamén recibir o sinal da RTP para ampliar a vinculación coa lusofonía.

Isto mesmo acontece na prensa, pertencendo os xornais e revistas que se distribúen en Galiza a grandes empresas capitalistas españolas e transnacionais. Ademais a Xunta da Galiza subvenciona con partidas de normalización lingüística aos xornais conservadores galegos que nunca empregan o noso idioma. Faise máis necesario ca nunca o impulso de medios propios e en galego, que informen desde unha visión crítica, analítica e veraz, como o semanario Sermos Galiza.

- Software libre e soberanía tecnolóxica.

O uso de software privativo supón a renuncia á soberanía tecnolóxica e computacional. Empregando software privativo, as compañías que nos venden o software teñen na súa man o control dos nosos datos e até poden alterar o funcionamento dos seus programas, sen posibilidade algunha de control pola nosa parte. Pola contra, o software libre danos a posibilidade de modificar o código dos programas segundo as nosas necesidades, facéndonos independentes e, adicionalmente, facilitando a tradución do software ao galego (favorecendo por tanto a normalización lingüística).

É prioritario dar a dispoñibilidade de usar, distribuír e promocionar a tecnoloxía existente así como potenciar a creación tecnolóxica do noso País. Debemos favorecer a utilización do software libre en idioma galego, defendendo medidas necesarias como o uso, distribución e promoción de software non privativo por parte das institucións, o uso de sitios web oficiais plenamente accesíbeis para os usuarios que empreguen software libre, e o emprego de formatos e protocolos libres tales como OpenDocument.

No ensino, defendemos que se forme exclusivamente no uso de ferramentas libres sempre que sexa posible, e que baixo ningunha circunstancia se obligue o estudantado a adquirir pacotes de software privativo. Propomos tamén a fin dos convenios con empresas de software que obrigan a empregar os seus produtos no ensino, por ser unha práctica monopolista que obriga o estudantado a empregar ferramentas non libres.

3.5. Soberanía para desenvolvermos o desporto de base e lecer alternativo.

Desde Galiza Nova apostamos por un modelo que rache co desporto como negocio e defenda un desporto profesional, baseado na promoción e traballo de desportistas de base. É primordial un control salarial, sobre todo no fútbol, e acabar coas desigualdades que se producen por cuestións de sexo e de orientación sexual. Hai que centrar esforzos en apoiar todos aqueles desportos que ficaron no esquecemento para o goberno da Xunta, e máis a aqueles que potencian desportos tradicionais galegos e a desportistas de base. Apoiamos as mulleres dentro do desporto, e exiximos promoción das equipas femininas e desportistas galegas. Exiximos seleccións desportivas nacionais que sexan oficiais e que sirvan para conformar unha maior canteira nas diferentes disciplinas, buscando simultaneamente a creación dun vínculo entre desporto e identificación con Galiza.

No eido da música, alí onde non existan locais de ensaio públicos e gratuítos para a mocidade reclamaremos a súa apertura e condicionamento. Naqueles xa existentes reivindicaremos a mellora do seu funcionamento, con horarios axeitados, e que sexan empregados coma un punto de encontro e de posta en común da creatividade da xente moza que dedique a isto o seu tempo de lecer, non unicamente como salas de ensaio, senón empregando o seu espazo para diferentes usos culturais.

Existen alternativas á cultura do capitalismo, sobre todo no lecer nocturno, por iso esiximos oferta de actividades e de espazos públicos de lecer alternativos que opten por amosar toda a potencialidade do noso panorama musical e cultural en galego, que pulen pola convivencia e non teñan como obxectivo único o lucro económico.

3.6. Lecer responsábel e a saúde sobre o negocio. Drogas.

Para solucionar as situacións que viven as persoas drogodependentes e as súas familias non podemos aceptar as insuficientes políticas do PP no goberno da Xunta que exclúen socialmente e desprezan a aquelas persoas que sofren estas adicións. Precisamos políticas que potencien plans de prevención e información sobre drogas, medidas de axuda e integración, aplicación de medidas de despenalización sobre as persoas usuarias e persecución do capital baseado no narcotráfico.

3.7. Soberanía para ter dereito á vivenda.

A existencia de vivendas baleiras debe converterse nunha oportunidade para facilitar o aluguer ou ben o acceso en propiedade pensando especialmente nos colectivos que máis dificultades teñen no acceso á vivenda, nomeadamente a mocidade. En concreto, o rural galego representa un medio con moitas potencialidades a nivel económico e cultural que, coa política adecuada, e dado o gran número de vivendas abandonadas nel, pode converterse no futuro de boa parte da mocidade galega. É competencia das administracións autonómicas e locais pular pola recuperación do rural, dotándoo de acceso a servizos públicos e alternativas económicas, e considerándoo un sector estratéxico e chave na Galiza.

En Galiza Nova exiximos que se garanta o acceso da mocidade a unha vivenda digna, mediante alugueiros sociais e o incremento das axudas para a vivenda da mocidade que se desprece a outras comarcas para estudar ou traballar. Exiximos a expropiación das vivendas baleiras en propiedade da banca para a creación de parques de vivenda pública en alugueiro dirixidos a persoas sen recursos e xente nova.

3.8. Soberanía para gañarmos en mobilidade.

Urxen medidas que poidan dar resposta aos problemas de mobilidade que ten a mocidade galega. Por iso defendemos o proxecto do GALTREN, un ferrocarril público, de proximidade, económico esotíbel que comunicaría zonas con demanda como a cidade de Lugo, a comarca do Barbanza, Bergantiños ou faría útil a liña do norte ae Galiza. Cumpre anular as concesións de transporte por estrada para evitar o negocio de empresas privadas que aproveitan as necesidades da poboación galega para sacar grandes beneficios. É necesario establecer tarifas que se adapten á situación económica da mocidade e do estudantado de ensino medio e universitario, para favorecer o transporte público a nivel local, comarcal e nacional. Tamén ampliando os horarios para favorecer a combinación entre as diferentes liñas e unha mellor comunicación.

Ademais, é preciso investir na conservación da rede viaria e na mellora da seguranza, con medidas de pacificación e calmado de tráfico, así como na mellora da accesibilidade universal, pensando nas persoas con diversidade funcional. Alén disto, cómpre potenciar as formas de mobilidade amábel e sustentábel, caso da peonil e ciclista, como alternativas reais ao transporte contaminante ou para o ocio.

3.9. Soberanía para unha Galiza sustentábel.

A premisa elemental para camiñar cara unha Galiza sustentábel debe ser a confrontación e superación do mantra capitalista do crecemento económico como única vía de progreso. Os recursos do planeta son limitados, e o crecemento baseado no ciclo de explotación de materias primas para a produción en masa de bens de consumo está condenado ao esgotamento. Para asegurar un futuro ao planeta precisamos cambiar radicalmente o modo de produción e consumo.

Conscientes do imparábel proceso do cambio climático e de que o problema de raíz é un sistema voraz e destrutivo co planeta, defendemos avanzar no modelo de xestión das tres R -reducir, reutilizar, reciclar- rexeitando o modelo de xestión de SOGAMA e pulando pola compostaxe como tratamento limpo dos residuos orgánicos. Ademais de fomentar estas políticas sustentábeis co medio ambiente, cumpre deseñar campañas de concienciación e trasladar esta loita á rúa. Será pois decisivo que a mocidade nacionalista galega actúe da man do activismo ecoloxista galego, traballando no fortalecemento de ADEGA e continuando a colaborar con asociacións e plataformas como a Asociación pola Defensa da Ría, a Sociedade Galega de Historia Natural, CEMMA, Monte Pindo Parque Natural, Asociación Ambiental Senda Nova...

3.10. Soberanía para garantir os dereitos das persoas con diversidade funcional e dependencia.

Co estoupido da crise capitalista un dos sectores máis prexudicados foron as persoas en situación de dependencia. O desmantelamento vivido nos últimos anos grazas os recortes de recursos económicos polo goberno central e o goberno da Xunta provocou graves retrocesos na inclusión social, educativa e laboral destas persoas. Máis tamén nos coidados xerontolóxicos na terceira idade ou nos centros de día ou residencias de persoas con diversidade funcional grave ou permanente. Desde Galiza Nova debemos promover a inclusión en todos os niveis (educativo, laboral, social, cultural, etc.) das persoas con diversidade funcional con iniciativas a nivel socio políticos que garantan o desenvolvemento dos Proxectos Vitais de cada persoa.

4. A ESTRATEXIA XUVENIL NACIONALISTA

4.1. Fortalecer a autoorganización, avanzar a autodeterminación, camiñar cara a unha Galiza ceibe e popular.

Galiza Nova ten como principal reto continuar co seu reforzamento e referencialidade ampliando a base militante, o seu dinamismo e actividade social. Colectivamente Galiza Nova foi quen de saír fortalecida dunha das etapas máis duras do nacionalismo, tras os abandonos de quen optou por sumar na estratexia da esquerda española, e tras sucesivas desilusións e perda de apoio electoral. Malia isto, fomos quen de superar esta crise e a día de hoxe, a pesar das eivas que debemos continuar a mellorar, Galiza Nova móstrase como organización refundada, reforzada, cohesiónada, con implantación territorial e renovada mediante a incorporación de militancia moi nova en idade. As últimas eleccións galegas nas que o BNG recuperou apoio social supón un indicativo da abertura dun tempo novo para o nacionalismo. Agora debemos traballar con enorme dedicación e coidado para consolidar os apoios e confianza depositadas. Estabamos no certo cando nas anteriores teses enunciámos que os avances e logros que acade Galiza Nova dependen única e exclusivamente da súa militancia, polo que é moi importante que por parte de todas e todos nós se teña unha actitude positiva activa e construtiva dentro da organización.

O movemento xuvenil e asociativo na Galiza atópase dende hai anos nunha situación feble. Pola nosa banda son moitas as eivas a mellorar, principalmente no que ten a ver coa estrutura de Galiza Nova, a formación, a axilidade á hora de elaborar repostas ás problemáticas da mocidade, incrementar a nosa capacidade de convocatoria, ampliar a base de afiliación e reforzar a implantación territorial e actividade local e comarcal con campañas e xeración de repostas propias, así como un uso máis eficiente dos mecanismos organizativos e de comunicación.

A Dirección Nacional xunto ás comarcas afectadas deben trazar un plano de actuación específico e obxectivos concretos para ampliar o nacionalismo xuvenil nos ambientes urbanos, onde a día de hoxe temos importantes dificultades.

En concreto, os casos de Ourense e Vigo precisan dunha acción planificada propia, axudados pola Dirección Nacional e a Comisión Permanente cando o precisen, para saír da febleza na que estamos nestas cidades. Debemos tomar prioritario reorganizar Galiza Nova nos territorio con maior debilidade, concretamente as comarcas de Lugo Sul, Ourense-O Carballiño, Celanova-Baixa Limia, Allariz-A Limia-Maceda e O Ribeiro.

A estratexia do nacionalismo galego entende a autoorganización do pobo en estruturas propias como o primeiro chanzo do proceso de autodeterminación. A esta tese responde Galiza Nova, que é a ferramenta estratéxica para aglutinar a mocidade, ampliar a conciencia nacional das persoas máis novas e proporcionarlles unha organización para defenderse das distintas problemáticas. Galiza Nova, como a organización xuvenil da fronte patriótica, é necesaria para o avance do BNG entre a mocidade e para organizar máis xuventude que desexe mellorar as condicións de vida actuais, unha liña que está incardinada no obxectivo político da consecución dun novo status político para Galiza, que avance cara á nosa independencia e a República da Galiza.

A estratexia de Galiza Nova sempre se asentou na necesidade dun Movemento Xuvenil Nacionalista Galego coordinado e unido. Por tanto, é fundamental o papel activo da militancia para impulsar o nacionalismo xuvenil no ensino medio e universitario, implicándose no avance de ERGUER, Estudiantes da Galiza. Do mesmo xeito, a nosa militancia debe implicarse en impulsar a afiliación sindical entre a mocidade na CIG e participar e impulsar tecido asociativo xuvenil ao longo do País.

4.2. Acción social e acción institucional.

Na anterior Asemblea Nacional analizamos o papel do nacionalismo perante os incipientes movementos sociais e políticos españois triunfantes naquela altura. Entendiamos que a nosa estratexia debía basearse en dotar a Galiza Nova dunha liña que xerara entusiasmo e maior combatividade, e en espallar o nacionalismo como elemento de ruptura e como chave para superar a crise de maneira favorábel para a mocidade galega. Dous anos despois, a situación de Galiza Nova mellorou, mais a nosa estratexia continúa en vixencia: defensa do principio de auto-organización e do activismo social da militancia a pé de rúa, cun traballo continuo e colaborativo coa veciñanza e os movementos sociais, creación de poder popular e elaboración de alternativas concretas para a mocidade galega.

Entendemos que a nosa participación nos movementos sociais galegos é necesaria para avanzar na conquista dos nosos dereitos. Só mediante o traballo social de base poderemos acadar os nosos obxectivos a medio-longo prazo, estar presentes na sociedade e continuar a crear conciencia nacional, amosando en todos os ámbitos a necesidade da soberanía como a ferramenta para mellorar as condicións das galegas e galegos. Porén, non debemos conformarnos con estar presentes, senón que debemos dotarnos dunha actitude proactiva nos diferentes espazos sociais e traballarmos de xeito asiduo.

Hai dous anos creamos a responsabilidade na Dirección Nacional de Activismo e movementos sociais, cuxa función é a de fomentar a participación social da organización nos movementos e plataformas e o activismo entre a nosa militancia. Para un maior seguemento e efectivización destas funcións, a responsabilidade será asumida na Comisión Permanente.

A acción social foi neste período o noso principal traballo, mais cumpre non esquecer a acción institucional. De feito, é preciso que todo tipo de campañas vaian acompañadas de mocións, iniciativas, propostas, denuncia nas institucións... Por tanto, debemos ampliar o contacto coas concelleiras e concelleiros que pertencen a Galiza Nova, coas concellarías de mocidade, e coa representación parlamentaria galega e europea, así como co tecido asociativo.

- Volcarnos no proceso Adiante e no relanzamento do BNG

Entendemos que o BNG é a mellor ferramenta socio-política coa que conta Galiza para mellorar as condicións de vida da mocidade e o pobo galego, para dar repostas necesarias ás problemáticas da nosa poboación e construír alternativas concretas e reais, o mellor instrumento capaz de erguer a nación e construír futuro en Galiza, defendendo a capacidade de decidir do noso pobo e camiñando cara á autodeterminación. Por todo isto consideramos fundamental a involucración total da militancia de Galiza Nova no proceso Adiante emprendido na Asemblea Nacional do BNG, co obxectivo de relanzar o nacionalismo socialmente e, en especial, entre a mocidade.

TESE DE ORGANIZACIÓN

1. IMPULSAR GALIZA NOVA ENTRE A MOCIDADE

Perante a realidade social e a situación da mocidade analizada na Tese Política, faise necesario continuar a reforzar Galiza Nova gañando maior referencialidade para o nacionalismo entre as mozas e mozos do noso País. De seguido abordamos cuestións fundamentais de interese no día a día de Galiza Nova para mellorar o funcionamento e facer da nosa organización unha ferramenta máis forte, útil e con maior incidencia na mocidade.

Un dos retos máis importantes ante os que nos atopamos é ampliar a implantación territorial da organización. Faise preciso dinamizar as comarcas e poñer en marcha grupos de traballo locais con iniciativa propia que acheguen a alternativa nacionalista á realidade de cada localidade e estean en contacto coa mocidade e as súas problemáticas do xeito máis achegado posíbel e que sexan quen de xerar dinámicas de traballo propias. As responsabilidades comarcais/locais ou as persoas que se encarguen de dinamizar os grupos locais deben ser quen de impulsar dinámicas de traballo continuadas. É necesario manter o contacto cos problemas e intereses da mocidade e actuar en consecuencia.

No difícil contexto no que nos atopamos para o nacionalismo temos que ser quen de espallar as nosas ideas co contacto directo coa mocidade, a comezar polos círculos máis próximos de cada militante, sermos quen de localizar os conflitos e problemas locais para artellar unha resposta e unha alternativa concreta, que poida dar pé a unha campaña local, a unha acción precisa ou á creación dun proxecto realizábel a medio prazo que poida modificar as dinámicas sociais nas localidades e comarcas do país.



1.1. Axilizar o organizativo.

No funcionamento diario tanto a nivel nacional como comarcal e local debemos seguir na liña de axilización da organización facendo máis rápido o funcionamento de Galiza Nova, compaxinando ao mesmo tempo a colectivización e toma de decisión democrática a nivel asemblear comarcal/local.

Resulta moi importante que a nosa organización sexa quen de levar traballo adiante sen atrancarse, é prioritario ter iniciativa. As Asembleas son órganos de debate e resolución, o traballo político debe ser debatido e colectivizado. Mais isto debe ser conxugado cun activismo diario e unha planificada organización do traballo por parte da dirección política local, comarcal e nacional.

As campañas ou accións políticas nacionais ou de proximidade propostas e aprobadas nas asembleas comarcais ou locais serán propostas concretas e acordadas ao traballo real que podemos asumir dende a Asemblea. Para isto cumpre unha boa planificación, con prazos reais/asumíbeis polo militancia e obxectivos políticos claros.

Unha peza cvave para a mellora do funcionamento da organización dende a súa base son as Responsabilidades Comarcais e Locais, pois da súa iniciativa, a súa implicación, e da súa capacidade de organización dependerá que Galiza Nova teña un traballo constante e ben organizado nos seus respectivos ámbitos territoriais. As persoas que exerzan estas responsabilidades deben dedicar tempo á asemblea da que sexan responsábeis, así coma coñecer a organización para conseguir o seu correcto funcionamento.

Outra figura importante a tender a recuperar nas comarcas é a Responsabilidade de Organización Comarcal, para unha correcta distribución do traballo político e organizativo coa Responsabilidade Comarcal e Locais, co obxectivo tamén de que o traballo non recaia só nunha persoa e así se traballe conxuntamente.

Do mesmo xeito recuperárase neste período a Comisión Nacional de Organización, que segundo os estatutos fórmanas as persoas que sexan elixidas coma Responsábeis de Organización nas distintas comarcas e a Responsabilidade de Organización Nacional, para favorecer a interrelación entre as distintas comarcas, coordinar o traballo das campañas nacionais entre todas as comarcas e que dende a Dirección Nacional se teña un coñecemento máis profundo da realidade da organización no conxunto da nación.

Debemos actuar con axilidade para trasladar á mocidade información precisa sobre as problemáticas, acompañada da nosa proposta alternativa. A nosa resposta debe ser rápida, contundente e organizada. A nosa mensaxe debe ser clara e pedagóxica, que poida entender calquera persoa nova que se interesa por vez primeira nunha información política.

Para un correcto funcionamento da organización, os organismos nacionais de Galiza Nova, Comisión Permanente e Dirección Nacional, terán un ritmo de traballo constante e acorde ás demandas da organización. As persoas membros destes organismos deben priorizar as reunións deles e comprometerse a axilizarlos de cara a, sen detrimento do debate, conferir a Galiza Nova dunha maior capacidade para dar respostas inmediatas. As persoas membros da dirección, corresponsabilizaranse do traballo colectivo e individual co obxectivo de mellorar as propostas políticas e a liña de actuación de Galiza Nova. Se ben é certo que o ritmo de traballo pode variar en función das circunstancias de cada comarca, é preciso que esta actitude se extrapole tamén na medida do posíbel ás comarcas e localidades para conseguirmos que a nosa organización sexa punteira.

1.2. Erguer Galiza dende a base. A importancia de atender e localizar as problemáticas do día a día na localidade/comarca.

Un dos principais obxectivos fixados pola XIII Asemblea Nacional de Galiza Nova fora a implantación das localidades fronte as comarcas como célula fundamental do traballo da organización. Cumpre facer autocrítica e ser conscientes como organización de que non fomos quen de dar este cambio neste período. Porén, debe ser de novo un dos nosos obxectivos mellorar a operatividade da organización e impulsar un maior dinamismo dende os grupos de traballo locais e comarcais, dependendo da realidade de cada comarca, poñendo en marcha campañas que atendan aos problemas máis directos da mocidade a nivel local. As persoas que asuman a Responsabilidade Comarcal e a Responsa-

bilidade Comarcal de Organización deben traballar na cohesión de toda a comarca e na organización e colectivización do traballo a nivel comarcal e local, establecendo un contacto directo e continuado cos organismos nacionais.

Debemos relacionar os problemas do día a día da mocidade galega coa nosa situación de dependencia nacional a través de campañas e accións atractivas e pedagóxicas que atendan a estes problemas e acheguen as nosas propostas e solucións. Un claro exemplo disto sería a campaña do BNG e Galiza Nova nas últimas Eleccións Galegas, na cal sen rebaxar a carga ideolóxica se relacionou esta mesma con propostas en firme para a mocidade e o pobo galego.

Temos que ser quen de explicar á mocidade galega que a solución dos seus problemas máis próximos pasa polo nacionalismo e pola autoorganización. Isto, de certo, é ben máis complexo ca unha simple campaña xenérica, mais é o xeito de convencer ao maior número de mozas e mozos e de espallar a nosa ideoloxía dende o concreto ao xeral.

Para estes obxectivos consideramos necesario levar a cabo neste período as seguintes accións:

- Na medida do posíbel en cada comarca crear ou dinamizar un grupo de mocidade que traballe de xeito coordinado e cohesionado. Existen comarcas onde é moi complexo realizar asembleas comarcais de xeito periódico, mais é prioritario que exista unha interlocución continuada entre a persoa Responsábel Comarcal e Responsábel Comarcal de Organización coa militancia da comarca. Alí onde sexa posíbel, crearanse grupos de traballo local se existe a posibilidade de ter unha actividade constante ao longo do tempo. A finalidade é facer máis operativa a organización. Estes grupos deberían corresponder ao ámbito máis próximo no que se poidan realizar actividades como Galiza Nova. Isto melloraría a operatividade da organización ao estar concentrada dun xeito xeográfico da maneira máis achegada posíbel entre as e os militantes e cun entorno claro no que traballar coa mocidade.

- Nesa mesma liña estes grupos deberían levar a cabo campañas e accións relacionadas coas problemáticas locais ou comarcais da mocidade galega no seu ámbito máis próximo. Exemplo disto poderían ser campañas de mellora do servizo de autobús, aumento do horario de apertura da biblioteca pública, etc. Estas campañas permitirán que Galiza Nova estea moito máis presente entre a xente nova das distintas comarcas e localidades e farán que sexamos unha organización moito máis próxima ás problemáticas diarias da mocidade galega así como útil para a mesma, aportando solucións e dotándonos dunha maior referencialidade. A militancia de Galiza Nova debe estar nos espazos de socialización da mocidade a nivel local para non só chegar ao noso círculo máis próximo. Debemos traballar a diario co asociacionismo xuvenil, apostando polos proxectos alternativos de cada localidade (asociacións e centros socioculturais, movementos sociais, asociacións veciñais...), ao tempo que tamén debemos impulsar espazos plurais autoorganizados pola mocidade, pulando por un modelo de lecer e unha aprendizaxe alternativa, pensamento crítico que permita transformar as dinámicas para transformar o país e chagar a máis mocidade.

- A Dirección Nacional debe desenvolver campañas marco, mais centrarse en achegar colaboración, coordinar e impulsar que as distintas comarcas e localidades poñan en marcha este tipo de campañas e accións propias e concretas.

- Nesa liña conseguíramos ter unha organización máis viva e activa dende a base cunha capacidade real de incidencia nas capas máis mozas da sociedade galega dende a proximidade ás mesmas.

1.3. Formación.

Un dos principais cometidos de Galiza Nova é ser unha escola de formación para a mocidade nacionalista, dotándonos de recursos en diferentes soportes, xornadas, debates... de cara a conseguirmos unha organización sólida nos principios, solidariedade na acción, e cargada de argumentos para dar a batalla das ideas en todos os campos do día a día, sendo capaces de convencer coas nosas palabras e feitos, fortalecendo as nosas conviccións, cuestionándoo todo pero nunca sendo influenciábeis pola doutrina individualista e a propaganda do sistema.

Outro aspecto a atender é o coñecemento por parte da militancia e en concreto dos seus cadros organizativos do funcionamento diario de Galiza Nova, e optimizar deste xeito o traballo realizado. Así mesmo, resulta moi importante tamén que a nosa militancia coñeza e teña interiorizados os elementos fundamentais do noso discurso como organización e sexa quen de adaptalos ás diferentes situacións da vida cotiá da mocidade galega.

A nivel nacional potenciouse a carga formativa das Xornadas da Mocidade Galega e nas Xornadas de Historia de Galiza. Pularase por seguir na mesma liña dotando de contidos formativos estes eventos. As Xornadas de Rosalía de Castro a Nós foron descentralizadas e con elas achegamos distintos contidos formativos en materia de feminismo ao longo do País con obradoiros prácticos e teóricos. Cómpre seguir con este tipo de actividades, así como facer referenciais as Xornadas Feministas de Ordes organizadas pola Asemblea de Mulleres de Galiza Nova.

Cumprindo co mandato da anterior Asemblea Nacional leváronse a cabo xornadas nacionais formativas e de debate temático (xornada sobre acción municipal, xornada sobre traballo e dereitos laborais). Puxéronse en marcha contidos para a rede, algúns máis extensos coma os cadernos formativos e outros máis breves coma os que se lanzaron baixo o formato Galiza Nova Formación. Cumpre mellorar o formato destes contidos para ampliar a súa utilidade e difusión; así como traballar a súa difusión entre a militancia nas asembleas comarcais.

Será considerada coma unha prioridade a formación da nosa militancia pois é fundamental para o tempo novo que se abre para o nacionalismo galego, e do que Galiza Nova terá que ser parte fundamental a nivel xuvenil, ser quen de relacionar a mellora das condicións materiais de vida da mocidade galega coa ruptura coa situación colonial e de dependencia na que vive a nación. Cumpre mellorarmos a formación dentro da propia organización para continuar a avanzar no proceso de autodeterminación. O debate e o intercambio de ideas son fundamentais nunha organización e debemos fomentalos a través da habilitación de espazos, ben nas propias asembleas comarcais, ben con máis xornadas de convívio, ben no formato que se decida.

A mocidade ten vetado no día a día falar de política e as militantes de Galiza Nova debemos servir para que a xuventude con inquietudes viva con liberdade a súa vocación transformadora e poida ver na nosa Organización un espazo onde debater, expresarse e formarse, de xeito teórico e práctico, sobre diversas cuestións. Ademais, é importante facilitar en primeiro termo esta formación ás responsabilidades locais e comarcais, dotándolas das ferramentas para que leven a cabo o seu traballo da mellor forma posíbel e poidan acompañar á militancia na súa formación.

1.4. O patrimonio e a capacidade financeira da organización.

Unha organización sólida é aquela independente nos seus recursos económicos, polo que cumpre reforzarmos vías de financiamento propias sen que supoñan unha carga sobre a militancia.

Tal e como vimos facendo, a composición de grupos de traballo e a creación de deseños propios supón un aforro importante dos nosos recursos. Este traballo, ademais de resultar gratificante para nós como militantes, axuda a reducir o gasto económico da organización.

Tamén nos afecta a represión económica que ven sufrindo a mocidade galega nos últimos tempos e que cobrou un papel moi importante nesta etapa, na que Galiza Nova tivo que facer fronte a varias sancións. Esta situación empeorou por mor da aplicación da Lei de Seguridade Cidadá.

Tendo en conta estas dúas cuestións, atopámonos coas seguintes solucións:

- Domiciliación das cotas da militancia. Os estatutos de Galiza Nova marcan a obrigatoriedade da domiciliación para toda a militancia, agás nos casos de militantes que por razóns económicas a Asemblea Comarcal decidira reducir ou eximir do deber de cotizar. Por tanto é necesario que a militancia adquira o compromiso da domiciliación para contar con recursos inmediatos na caixa nacional co obxectivo de facer posíbel o traballo político de Galiza Nova en todo o País. No caso de que a domiciliación non sexa posíbel por causas de forza maior, a Responsabilidade Nacional de Finanzas conxuntamente coas Responsabilidades Comarcais deberán asegurarse do cobro das cotas cada 3 meses.

- Actualización da cota mensual a unha cota trimestral de 10€ e actualización da cota voluntaria a 20€ trimestre .

- Ampliar o número de militantes que se acollan á cota trimestral voluntaria de 20 euros.

- Venda de material. A venda de material estanos reportando nos últimos tempos unha suma importante para finan-

ciar a nosa actividade. O conxunto de militantes de Galiza Nova debe comprometerse a colaborar coa venda do mesmo en todos aqueles sitios nos que sexa posíbel. É por iso que resulta de vital importancia que cada comarca conte cun calendario de actos, feiras, festivais e demais eventos nos que se posibilite a venda de material de Galiza Nova. As comarcas que o precisen recibirán a metade dos beneficios que obtiveron coa venda de material na súa comarca. Debe ser prioridade no novo período dar cumprimento á creación dunha tenda virtual, co fin de facer visíbel a nosa simboloxía a través do noso material.

- Actividades que axuden á obtención de recursos para posibilitar a edición de campañas: nunca foi nin será obxectivo de Galiza Nova obter beneficio para si mesma, pero contar con maior liquidez axuda enormemente ás comarcas a levar adiante traballo político. Nese sentido, pularemos para que as actividades que realicemos nos permitan obter recursos económicos para manter a nosa actividade política, ben sexa coa edición de rifas, bonos axuda ou con colaboracións voluntarias.

1.5. Aumentar a conciencia nacional entre a mocidade: a importancia do Festigal

Outro dos eixos fundamentais da organización é ampliar a conciencia nacional entre a xente moza, polo cal debemos reafirmar o noso compromiso coa realización de actividades e eventos que fortalezan este obxectivo.

Galiza Nova organiza cada ano o Festigal, o grande evento político festivo que reúne milleiros de mozas e mozos no marco do Día da Patria Galega. Un grande festival que cada ano continúa a medrar e consolidarse, e que é posíbel grazas ao inxente compromiso da afiliación e simpatizantes de Galiza Nova en todos os traballos para a súa realización, e que está asentado logo de 15 edicións como un referente na axenda festiva e política de Galiza. Nos últimos anos conseguimos que o Festigal viva un aumento na afluencia, que hai que seguir a potenciar. Ao mesmo tempo conxuga actividades lúdicas e musicais con palestras e debates sendo unha ferramenta moi importante para o espallamento das nosas ideas e a demostración das potencialidades e creatividade da mocidade galega. Fomos quen de dar un novo formato ao Festigal, creando o concurso de novos valores e incrementando a súa carga simbólica e nacionalista, visualizándoo como a grande festa reivindicativa da Patria Galega organizada pola mocidade do BNG.

Ademais, coa celebración da Homenaxe da Mocidade a Rosalía e Castelao cada 24 de xullo, un acto que tamén se reformulou completamente, acadamos importantes cotas de participación de mocidade militante e non militante e que compe seguirmos a reforzar en vindeiros anos.

1.6. Máis autoorganización feminista e máis implantación da Asemblea de Mulleres.

As mozas galegas padecemos opresión en distintos planos: Como mulleres nun sistema patriarcal, como membros dun segmento da poboación (o da mocidade) que padece de forma exaxerada todas as problemáticas que analizamos con anterioridade, mais tamén por ser galegas, mozas dunha nación á que negan a súa soberanía e por pertencermos á clase traballadora. Mais non podemos esquecernos de que pertencemos a un pobo oprimido na periferia da Europa Occidental. Sabemos da importancia do feminismo, da necesidade de continuarmos na loita pola destrución do sistema patriarcal e a construción dunha sociedade libre de explotación. A nosa debe ser unha vontade de ruptura e transformación, de revolución global, no público e no privado.

Por iso, é máis necesario ca nunca o compromiso de todas nós co derrubamento do patriarcado, dotándonos de ferramentas para combatelo no seu día a día. Ferramentas como a Asemblea de Mulleres, un espazo de mulleres onde debater, analizar e traballar accións concretas para combater o patriarcado, pero tamén para fortalecermos nós e á propia asemblea.

Neste período intersamblar, o espazo feminista de Galiza Nova experimentou unha redución do traballo a pe de rúa e de organización a raíz de que a lei do aborto deixou de estar na axenda política, o movemento feminista galego reduciu a súa mobilización. Atopámonos nun momento no que o movemento feminista está desmantelado, porén é preciso que a asemblea de mulleres de Galiza Nova teña actividade e ritmo propio á marxe do nivel de activismo que poidan ter os distintos colectivos feministas do país. En canto atinxe a Galiza Nova, tamén é preciso salientar as constantes campañas electorais que dificultaron en moitos casos ter actividade propia neste eido.

As estruturas asemblearias das comarcas e localidades son insuficientes, mesmo nalgún caso inexistentes. Debemos tomar conciencia de que as asembleas comarcais son imprescindibles para o funcionamento da nosa actividade feminista. É preciso, polo tanto, que traballemos neste eido para que se reactiven e constitúan as asembleas locais e comarcais por todo o país onde teñamos compañeiras para adquirir maior dinamismo. Así mesmo, unha importante función das asembleas locais e comarcais de mulleres debe ser o impulso de actividades propias e que se trasladen á Asemblea Nacional para executalas por todo o país.

Á hora de construírmos unha nación, o feminismo vai poñer enriba da mesa temas que poden entrar en contradición con outras posicións que non contemplan as loitas contra o patriarcado. Neste senso o feminismo debe ser un vector fundamental para que esa construción nacional se realice sobre os prismas de xustiza e igualdade. Só dende a loita anticapitalista e antipatriarcal poderemos conseguir unha mudanza radical desta sociedade e construírmos unha Galiza realmente libre.

Neste eido, é importante a labor formativa da Asemblea de Mulleres para toda a militancia de Galiza Nova que debe incrementar a súa consciencia sobre a importancia da loita feminista dentro do nacionalismo. Mais isto só pasa pola implicación de toda a militancia no desenvolvemento do traballo feminista que deseñe e promova a Asemblea de Mulleres, fuxindo entre outras actitudes da linguaxe sexista e dos micromachismos.

Deste xeito, temos que facer mención ao funcionamento e a organización da Asemblea, da que daremos conta en sinalar a continuación:

- A Asemblea de Mulleres de Galiza Nova é o máximo órgano de decisión da organización en materia de xénero, sendo deste xeito un organismo autónomo. Están convocadas á mesma todas as militantes de Galiza Nova.

- Co obxecto de axilizar e reforzar esta labor, as responsábeis comarcais e locais das asembleas de mulleres, deben facer o propio nas súas comarcas, buscando deste xeito que ningunha moza quede fóra da Asemblea por descoñecemento da súa existencia.

- As reunións da Asemblea Nacional de Mulleres serán anunciadas ao conxunto das mozas de Galiza Nova por medio de convocatorias individualizadas a cada un dos seus membros coa antelación necesaria para que todas poidamos conciliar as nosas vidas co funcionamento da Asemblea. Deste xeito, a data escollida levarase con antelación a unha valoración conxunta a través do correo electrónico para cadrala nunha data que conveña á maioría.

As Asembleas Nacionais de Mulleres realizaranse como mínimo cada 6 meses, podendo convocar reunións extraordinarias cando os tempos e as circunstancias o permitan ou o requiran. Así mesmo, as responsábeis comarcais e locais das asembleas de mulleres deben informar a todas as mozas da zona destas reunións e pular por aumentar a asistencia ás mesmas.

A Asemblea Nacional de Mulleres encargárase de facer colectivamente plans de traballo anuais ou semestrais para garantir un traballo con continuidade e obxectivos claros. Cómpre recuperar a súa Mesa Nacional, tal e como marcan os estatutos, para que o peso e o traballo sexan colectivos.

1.7. Asemblea LGTBI

Nos últimos períodos interassembleares Galiza Nova dotouse da Comisión de Liberdades Sexuais e Diversidades de Xénero para desempeñar o traballo en materia LGTBI. Nesta Asemblea Nacional entendemos necesario definir a organización interna nesta materia mediante o impulso da Asemblea LGTBI, transformando a comisión nunha asemblea nacional, soberana e autoorganizada.

Precisamos dun espazo que só atenda ás cuestións de diversidade sexual e de xénero e, polo tanto, entendemos que a Asemblea LGTBI estará formada por todas aquelas persoas LGTBI de Galiza Nova.

A Asemblea LGTBI será o órgano máximo de decisión en materia LGTBI de Galiza Nova, no cal se elaborará un Plan de

Traballo e se analizará a realidade galega en cuestión. Esta convocarase cunha frecuencia anual.

A Asemblea LGTBI contará cunha mesa nacional formada por 5 persoas, quen dirixirán a actividade en materia LGTBI de Galiza Nova, e está encargada de executar os acordos adoptados pola Asemblea LGTBI. Reunirase, como mínimo, cada 3 meses. A mesa nacional contará cunha representante que pasará a formar parte con voz e con voto da Dirección Nacional e da Comisión Permanente.

A Asemblea LGTBI entende que, como colectivo oprimido polo patriarcado, debe estar en constante comunicación coa Asemblea de Mulleres, polo que en común deben procurar métodos reais para manter unha comunicación e poder facer traballo en conxunto nas situacións que se requira.

1.8. Simpatizantes.

Todas as mozas e mozos que hoxe formamos parte de Galiza Nova, facémoslo grazas a un impulso no seu momento, que nos deu pé a participar da organización. Existe un grande número de mozas e mozos que están interesadas en coñecer máis sobre o noso proxecto político, mesmo con intención de colaborar, mais que precisan dese impulso para dar o paso. Ademais de darlles a coñecer a nosa alternativa nacionalista, debemos ofrecerlles todas as facilidades para que colaboren, fomentando a súa participación a través de asembleas abertas nas que expresen a súa opinión ou en grupos de traballo nos que poidan colaborar. É vital para esta organización prestarlles a súa debida atención ás simpatizantes, xa que realizando un óptimo traballo coa nosa base simpatizante, seremos quen de conseguir que pasen a defender o noso proxecto político de xeito militante.

Para aumentar o número de mozas e mozos interesadas en coñecer o noso proxecto político, debemos aumentar os esforzos en estar presentes en todos os ámbitos de socialización da mocidade galega, procurando recoller a denuncia das diversas problemáticas da mocidade galega e orientalas a unha resposta global. Debemos por especial atención en coordinar unha acción continuada no ámbito do ensino -en plena colaboración co estudantado nacionalista organizado- buscando permanentemente ampliar a base de simpatizantes co traballo sistemático. Para levar este traballo a cabo, e preciso contar coa militancia desprazada e con simpatizantes que colaboran habitualmente e que poden servir de exemplo para animar ás estudantes a formar parte da nosa base simpatizante. As problemáticas locais, coa debida resposta da nosa organización, tamén deben ser aproveitadas para dotar a Galiza Nova dunha sólida estrutura nas localidades e comarcas. Esta estrutura de simpatizantes a nivel local e comarcal debe estar en continuo aumento, polo que é preciso que en cada comarca se actualice constantemente o censo de simpatizantes existente, no que se inclúan todos os datos posíbeis -nome e apelidos, idade, correo-e, teléfono, enderezo, centro de estudo ou traballo, ámbito de estudo ou traballo...-. Estes datos, á medida que se actualicen, deberán ser enviados á sede nacional para seren incorporados ao censo nacional de simpatizantes.

Para establecer unha comunicación continuada coa nosa base simpatizante, contamos co "Mocidade.GZ", un boletín electrónico de comunicación, a través do que se recibe información da nosa actividade e posicións. Xa que contamos cos medios para aumentar o capital humano da organización, é de vital importancia que a nosa militancia interiorice a necesidade de recompilar contactos que poidan estar interesados na nosa actividade para incluílos nos censos de simpatizantes.

1.9. As sedes do BNG e Galiza Nova comarcais. A Sede Nacional de Galiza Nova e actividade social.

Aínda que o traballo de Galiza Nova é esencialmente a nivel de rúa, debemos seguir avanzado nos compromisos tomados na anterior Asemblea Nacional no relativo a facer dos locais de Galiza Nova e o BNG centros visíbeis, que ademais de servir como actualmente funcionan (espazo de encontro e traballo para militantes e simpatizantes e colectivos sociais) se tornen en espazos referenciais socialmente. Non fomos quen de crear locais sociais nos puntos con máis militancia do País, materia que fica pendente para este novo período e que debe basearse no seu funcionamento como centro de encontro coa sociedade, con actividade continuada con oferta formativa e de lecer, e como vía de ingresos para a organización, a xeito de ateneo que sería xestionado pola militancia de Galiza Nova.

2. COMUNICACIÓN

2.1. Comunicación interna nacional e comarcal/local.

Ademais da comunicación cotiá entre a organización nacional e as comarcas e localidades, dotámonos de circulares que recollen os acordos tomados e as liñas para a planificación do traballo político e que se envían a responsábeis comarcais e locais. O Galiza Nova Comunicación é o boletín electrónico nacional que se envía a toda a militancia con información específica. Mais para sermos unha Galiza Nova activa e organizada é necesario sistematizar a comunicación en todos os niveis, entre a militancia e as responsabilidades a nivel local, comarcal e destas coa Sede Nacional. Téñense detectado eivas serias neste período, como son convocatorias de asembleas comarcais realizadas en prazos curtos e non estatutarios, imposibilitando asistencias, e mesmo omisión do deber das responsabilidades comarcais/locais de manter informada a toda a militancia das resolucións políticas e acordos tomados pola Dirección, favorecendo descoñecemento e desconexión da mesma. É urxente que a nivel comarcal e local se asuma a comunicación interna e a socialización dos acordos tomados como absoluta prioridade política.

2.2. Comunicación externa.

A nosa organización fixo esforzos para mellorar a nosa comunicación. Realizáronse importantes cambios na nosa paxina web e abríronse canles directas coa sociedade mediante as redes sociais a nivel comarcal e nacional. Estes esforzos na procura de unha mellor comunicación supuxeron un maior achegamento da nosa mensaxe á mocidade. Debemos:

- Desde a Comisión Permanente, proceder neste período á constitución dun Grupo de Traballo Nacional de Comunicación: un espazo máis delimitado para debater melloras e criterio para realizar un discurso público máis pedagóxico e contundente. Debemos ter como premisa básica no modelo comunicativo a necesidade dunha maior pedagogía, claridade ideolóxica e capacidade de axitar e chegar ás persoas ás que nos diriximos.

- Dotarnos dunha axenda mediática planificada. Realizar notas e roldas de prensa nacionais, comarcais e locais en colaboración co BNG.

- Continuar avanzado no aproveitamento dos recursos audiovisuais. Debemos fomentar o material audiovisual, formativo e dinámico e que as nosas campañas atendan á difusión deste tipo de formato.

- Actualizar o Plano de comunicación, que deberá ser facilitado á militancia, coas indicacións axeitadas en canto as accións a desenvolver, liña gráfica e boas prácticas –no contido e na periodicidade– nas publicacións, entre outros aspectos. Organizaranse obradoiros naquelas comarcas onde for precisa formación neste eido, explicando a estratexia dixital contida no Plano de Comunicación.

- Recuperar o Servizo Nacional de Publicacións que terá como obxectivo actualizar a guía de estilo e manual de identidade gráfica de Galiza Nova e que actualice as normas básicas de comunicación que se teñen que aplicar á imaxe, co fin de que esta poida ser recoñecida de xeito rápido e eficaz, unitario e coherente. A guía procurará un carácter práctico e inmediato, visual. Deberá ser un instrumento útil e accesíbel á militancia que permita empregar modelos para uso inmediato, tanto nos formatos habituais na ofimática como en aplicacións específicas de imprenta ou de deseño gráfico en formatos non privativos.

- A nosa comunicación debe ser motivadora, pedagóxica, clara no ideolóxico e capaz de chegar emocionalmente á mocidade. Esta forma de comunicación non pode ficar só para os actos de Galiza Nova, senón que a temos que empregar a diario para facer chegar a nosa mensaxe a toda a mocidade galega, por iso é necesario proporcionar a toda a militancia de Galiza Nova ferramentas de comunicación interpersoal e en redes sociais.

- Fomentar a visibilización noutros territorios do Estado español e do mundo, así como a colaboración con organizacións afíns.

Sobre os soportes e publicacións de Galiza Nova:

En formato dixital contamos con:

- Páxina Web: Debemos dar máis protagonismo na Web á información comarcal e local. Cumpre que as localidades envíen a nacional máis información do traballo realizado e análise de problemáticas comarcais/locais máis concretas. Debemos dinamizar a Web nacional de Galiza Nova como un espazo virtual de referencia para a mocidade nacionalista galega. Procurar pendurar máis artigos de opinión, formación e investigación para ofrecer un maior dinamismo na nosa páxina.

- Perfil nacional de Instagram e perfís nacional e comarcais de Facebook e Twitter: Cada rede ten as súas regras de linguaxe, formas de transmitir e público obxectivo que debemos ter en conta ao xerar unha información. Cumpre que en Facebook e Twitter haxa unha liña comunicativa nacional e comarcal en maior consonancia, e que as redes comarcais non só compartan contidos da nacional, pois o seu sentido de existir é a xeración de contidos propios aplicados á zona que se correspondan e de maneira diaria. Así mesmo, o perfil de Instagram debe continuar a ser unicamente nacional, evitando a proliferación de contas con baixa actualización de contidos e centralizando a mensaxe. Isto requirirá unha comunicación directa das responsabilidades comarcais/locais coa persoa encargada do Instagram para dar cabida aos contidos que consideren necesarios.

- Canle de Telegram: debemos analizar a función concreta desta canle de difusión e crear unha estratexia comunicativa específica.

- Cadernos formativos de Galiza Nova e Galiza Nova Formación: son dous soportes que temos posto en marcha neste período para ampliarmos coñecementos. Na medida das posibilidades económicas cómpre destinar orzamentos á impresión dos cadernos para distribuír entre a militancia e simpatizantes, pois é máis fácil para a súa lectura e difusión o formato papel.

- Mocidade GZ é o boletín electrónico de Galiza Nova que recibe a base de simpatizantes. É unha ferramenta útil e rápida de comunicación sobre cuestións moi concretas e actividades.

Os nosos cabeceiros impresos:

- Mocidade: como voceiro nacional de Galiza Nova é unha ferramenta que cada ano mellora, conseguindo unir formación con contidos e deseños atractivos para a mocidade. Melloramos na súa difusión e antelación, servindo nos últimos anos para difundir o Festigal. Cómpre seguir a manter esta liña e o esforzo comarcal na achega de publicidades para garantir a súa viabilidade e a voluminosa tirada de exemplares impresos que nos permite achegalo a moitos centros de ensino, festivais etc. É preciso continuarmos a publicar o Mocidade antes do remate do curso, de xeito que nas últimas semanas de aulas poida repartirse nos centros de ensino, promocionando a actividade da nosa organización, nun momento onde animala a participar connosco é máis factíbel.

- Activas: o voceiro da Asemblea Nacional de Mulleres de Galiza Nova mantén unha periodicidade mínima que cumple ampliar, mais cun formato atractivo como foi o Activas coa banda deseñada sobre micromachismos. Esta é a liña que debemos seguir, xuntando contido formativo e formato atractivo para a súa lectura.

- Lume: a este cabeceiro de ensino medio herdado de ERGA dotámolo dunha periodicidade mínima estábel neste período. Funciona como folla axitativa e de achegamento ao estudantado de ensino medio. Os seus contidos nos últimos catros anos centráronse nos motivos de folga estudantil e na LOMCE. Cómpre abordar con máis detemento este voceiro para que sirva para achegar máis información de interese á mocidade de ensino medio.

- Voceiros Comarcais ou Locais: son unha ferramenta a recuperar neste período nas localidades e comarcas onde sexa posíbel a súa edición e a súa distribución tanto en formato dixital como en papel. Os voceiros comarcais e locais son unha ferramenta útil para achegar a nosa mensaxe á mocidade, adaptando campañas nacionais a problemáticas máis achegadas ou poñendo o foco en cuestións comarcais ou locais. A comarca/localidade coordinarase co Servizo Nacional de Publicacións para a elaboración do voceiro.

ESTATUTOS DE GALIZA NOVA



CAPÍTULO I: DE GALIZA NOVA

Art.1.- GALIZA NOVA, Organización da Mocidade do BNG, é unha organización xuvenil que asume como as súas funcións básicas o deseño e posta en práctica dunha política xuvenil nacionalista, de cara a vertebrar un movemento xuvenil galego comprometido coa liberación nacional e a transformación da nosa sociedade.

Art.2.- GALIZA NOVA asume como propio o programa da frente patriótica Bloque Nacionalista Galego, constituíndose na teoría e na práctica política na Organización Xuvenil ou Mocidades do BNG, elaborando e desenvolvendo neste marco o seu programa de actuacións específicas.

Art.3.- GALIZA NOVA vincúlase ao BNG ao abeiro do disposto no "Protocolo de relación e integración da mocidade na estrutura frentista do BNG". GALIZA NOVA é, pois, unha organización integrada no BNG, dotada de órganos de dirección, finanzas e personalidade xurídica propios e diferenciados.

Art.4.- GALIZA NOVA recoñece a pluralidade ideolóxica existente no BNG e neste sentido adoptará os mecanismos oportunos que tendan a un recoñecemento explícito desta. En particular, recoñécese o dereito á constitución de tendencias organizadas no seo da Organización e a posibilidade de establecer as medidas necesarias para o seu recoñecemento e desenvolvemento dentro do marco organizativo e de dirección propio de GALIZA NOVA

CAPÍTULO II: DAS AFILIADAS E DOS AFILIADOS

Art.5.- Poderá ser militante de GALIZA NOVA calquera moza ou mozo, menor de 30 anos, que así o desexe e que acate os principios propios da Organización e estes Estatutos. A petición de entrada farase sempre de xeito individual, sendo a Dirección Comarcal o órgano que procederá a dar entrada no ámbito da súa comarca. Para os casos de afiliación colectiva será necesario o ditame favorábel da Dirección Nacional, reunida en sesión extraordinaria.

A admisión formal das solicitudes de alta en Galiza Nova farase pola Asemblea Comarcal correspondente constando en acta. A proposta de Afiliación dun novo membro debe ser avalada, cando menos, por dous militantes de Galiza Nova. En caso da persoa interesada non coñecer ningún membro de Galiza Nova que a puiden avalar a Dirección ou Asemblea Comarcal concertará unha entrevista con ela para obter a información necesaria da mesma e exporlle o ideario político e normas de funcionamento da organización. A Asemblea Comarcal poderá proceder así en cada caso que considere preciso. En calquera caso as peticións de alta en Galiza Nova serán tratadas e resoltas na primeira reunión ordinaria da Asemblea Comarcal.

Causarán baixa en Galiza Nova, para alén de polas razóns disciplinarias contempladas nestes estatutos, todas as persoas afiliadas a Galiza Nova que, sen causa xustificada, non satisfagan a cota estipulada. Cando unha persoa afiliada a Galiza Nova estiver 6 meses sen abonar a cotización recibirá por escrito unha comunicación certificada dándolle o prazo dun mes para porse ao día, cumprido o cal sen o facer causará baixa. Se unha persoa afiliada, por razóns económicas, non puiden satisfacer a cota estipulada, debe comunicar esta situación á Asemblea Comarcal, quen, á vista dos datos, pode reducirlle a cota ou eximila temporalmente do deber de cotizar.

Toda persoa afiliada a Galiza Nova debe estar adscrita a unha única Asemblea Local e Comarcal en que exercerá o seu dereito a voto, sen prexuízo de poderen asistir eventualmente e sen dereito a voto ás reunións doutra Asemblea Comarcal ou Local aquelas/es afiliadas/os con mobilidade de residencia ao longo do ano por razóns diversas. Galiza Nova é unha organización unitaria, xa que logo, se unha Asemblea Comarcal denega unha petición de alta ou decide dar de baixa a unha persoa afiliada, esta non pode ingresar deseguido noutra Asemblea Comarcal. En caso de conflito competencial entre comarcas, será a Dirección Nacional quen decida, cabendo tamén recurso perante a Comisión de Garantías e en última instancia perante a Asemblea Nacional.

Galiza Nova entregará copia das fichas das/dos súas/seus militantes aos consellos comarcais do BNG respectivos e comunicará por escrito, no momento de produciñense, os movementos de altas, baixas e traslados da súa afiliación, movementos dos que, á súa vez, os Consellos Comarcais deberán dar conta aos organismos nacionais do BNG. Os

consellos comarcais do BNG están capacitados para non admitir unha alta de GN no caso de haber evidencias de que a persoa interesada ten posicións contraditorias coas definidas no Programa e Estatutos do BNG. Ademais disto, cada Asemblea Comarcal debe ter un libro de altas e baixas no local comarcal, con copia das fichas completas da militancia.

Art.6.- Son dereitos das e dos militantes:

- Contribuír a definir a orientación política de GALIZA NOVA, participando en todos os debates que se den no seo da Organización.
- Elixir e ser eleito ou eleita para os órganos de dirección da Organización.
- Criticar dentro dos órganos dos que faga parte calquera membro ou órgano de GALIZA NOVA.
- Recibir axuda en caso de problemas derivados da súa pertenza a GALIZA NOVA.
- Recibir formación, información e propaganda da Organización.
- Ser escoitada ou escoitado polo órgano pertinente en proceso disciplinar aberto contra a súa persoa.
- Empregar os medios materiais dos que dispón a Organización.
- Participar plenamente es todas as estruturas e organismos do BNG.
- Participar nas actividades desenvolvidas por GALIZA NOVA ou polo BNG.
- Discrepar publicamente dos acordos tomados por GALIZA NOVA, sempre que isto non signifique boicotear a súa execución ou atentar contra a unidade de Organización.
- Promover a constitución de tendencias no seo de GALIZA NOVA.
- Calquera outro derivado da súa militancia no BNG.

Art.7.- Son deberes das e dos militantes:

- Empregar o idioma galego e defender a nosa cultura.
- Respeitar as canles orgánicas.
- Espallar a propaganda da Organización.
- Cumprir co traballo que se lle encomende.
- Cotizar coa cuota que se marque.
- Posibilitar a execución dos acordos tomados en GALIZA NOVA.
- Cumprir e acatar os estatutos de GALIZA NOVA.
- Participar nos movementos de masas apoiados pola nosa organización.

Art.8.- Son causas de sanción dunha ou dun militante:

- Boicotear a posta en práctica das decisións maioritarias da Organización.
- Actuar contrariamente ao programa e ás resolucións da Asemblea Nacional.
- Manter actitudes ou prácticas que danen a Organización.

Art.9.- Os acordos e sancións serán tomados polos órganos de dirección dun nivel superior ao organismo onde se encontre militando a ou o militante. No caso das e dos membros das Dirección Nacional, os acordos serán tomados pola propia Dirección Nacional.

En virtude da gravidade dos actos que se sancionen as medidas que se poderán adoptar son:

- Advertencia da sanción.
- Censura.
- Destitución dos cargos que ocupa, no seu caso. Esta destitución terá carácter temporal até que se reúna o órgano que o elixiu.
- Suspensión da militancia.
- Expulsión de GALIZA NOVA.

Art.10.- Os acordos sinalados no artigo anterior poderán ser recorridos diante do órgano inmediatamente superior ao que tomou o acordo e, en última instancia, diante da Dirección Nacional. En calquera caso, este proceso non significa a paralización do acordo tomado até que haxa unha resolución superior.

Art.11.- A afiliada ou o afiliado causará baixa por calquer dos seguintes motivos:

- a) Petición propia, apresentada por escrito perante a correspondente Asemblea Comarcal.
- b) Deixar de cotizar durante seis meses.
- c) Perda das condicións requiridas nos presentes Estatutos.
- d) Por expulsión validamente acordada nos órganos competentes.

Art.12.- A Asemblea Nacional ou, no seu caso, a Dirección Nacional, poderán nomear unha Comisión de Garantías ou de resolución de conflitos.

CAPÍTULO III: DOS ÓRGAOS DE GALIZA NOVA

Art.13.- GALIZA NOVA contará cos seguintes órgaos:

- a) Asemblea Nacional.
- b) Dirección Nacional.
- c) Comisión Permanente da Dirección Nacional.
- d) Asemblea Comarcal
- e) Asemblea Local

Art.14.- A Asemblea Nacional é o máximo órgano de decisión de GALIZA NOVA; nela teñen dereito a participar todas e todos os militantes dados de alta no prazo e forma decididos pola Dirección Nacional. A Asemblea Nacional celebrase de xeito ordinario cada dous anos, habendo ser convocada pola Dirección Nacional con, cando menos, tres meses de antelación.

Art.15.- A Asemblea Nacional extraordinaria convocarase por acordo da Dirección Nacional a iniciativa propia ou a petición dun terzo da militancia, sendo convocada con, cando menos, un mes de antelación. Esta Asemblea Nacional só se poderá pronunciar sobre os temas obxectos na mesma.

Art.16.- Son funcións da Asemblea Nacional:

- a) Definir a orientación política da Organización.
- b) Analizar, debater e, no seu caso, aprobar o informe presentado pola Dirección Nacional saínte.
- c) Aprobar e revisar os Estatutos da Organización
- d) Elixir as e os membros da Dirección Nacional que lle corresponda e, de entre estas e estes, a Secretaria ou o Secretario Xeral.

Art.17.- A Dirección Nacional é o órgano que dirixe a actividade de GALIZA NOVA no tempo que transcorre entre dúas Asembleas Nacionais, e está encargada de executar os acordos adoptados pola Asemblea Nacional.

Art.18.- A Dirección Nacional está formada por unha representación da Asemblea Nacional igual ao número de agrupacións comarcais definidas pola Asemblea Nacional e por un representante elixido por cada Asemblea Comarcal.

Art.19.- Cada membro da Dirección Nacional terá unha función específica da que renderá contas diante do mesmo órgano.

Art.20.- A Dirección Nacional reunirse ordinariamente cada tres meses e de maneira extraordinaria a petición dun terzo das e dos membros da Permanente. A Dirección Nacional será convocada pola Secretaria ou Secretario Xeral, nominalmente e por escrito e cunha semana de antelación.

Art.21.- Son funcións da Dirección Nacional:

- a) Dirixir o traballo político e de organización de GALIZA NOVA dacordo coa orientación definida na Asemblea Nacional.

- b) Convocar as Asembleas Nacionais ordinarias e extraordinarias, así como elaborar os documentos a debater nelas.
- c) Elaborar as propostas de actuación e recoller e analizar as demandas da base da Organización.
- d) Decidir sobre propostas colectivas de afiliación, adhesión ou integración.
- e) Elixir a Permanente, podendo mudar, no seu caso, calquera das ou dos seus membros, excepto a responsabilidade de Mulleres.
- f) Controlar o funcionamento e fiscalizar o traballo da Permanente.
- g) Definir as relacións con outras organizacións a nivel nacional e internacional.
- h) Planificar os recursos financeiros e aprobar o Orzamento Anual da Organización.
- i) Estabelecer a cuantía de cuota de afiliación.
- k) Nomear comisións, coa composición e atribucións que considere pertinentes.
- l) Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.
- m) Elixir a coordinadora ou coordinador do Servizo Nacional de Publicacións.
- n) Interpretar os presentes Estatutos e resolver en caso de dúbidas en materia estatutaria.
- ñ) A creación, supresión, fusión e participación de agrupacións comarcais.
- o) Transmitir ao BNG propostas de actuación social e institucional.
- p) Render contas diante da Asemblea Nacional da súa xestión.

Art.22.- A Comisión Permanente está formada por 11 persoas. 10 delas serán escollidas de forma directa pola Asemblea Nacional e corresponderán coas 10 primeiras da candidatura á Dirección Nacional.

No caso de haber varias listas para a Dirección Nacional, a cada unha delas corresponderanlle un número de postos dos 10 a cubrir na Comisión Permanente directamente proporcional ao número de votos obtidos, e serán ocupados seguindo a orde de lista. Se a lista máis votada supera o 50% dos votos a persoa que encabece ocupará a Secretaría Xeral. No caso contrario, haberá unha segunda volta para escoller a Secretaría Xeral entre as persoas que encabezen as dúas listas máis votadas.

A Responsábel Nacional da Asemblea de Mulleres incorporarase á Comisión Permanente e á dirección Nacional con voz e voto.

A Comisión Permanente contará, a maiores da Secretaría Xeral, cando menos coas seguintes responsabilidades: Responsábel de Organización, Responsábel de Finanzas, Responsábel da Asemblea de Mulleres, Responsábel Institucional, Responsábel de Relacións Internacionais, Responsábel de Publicacións e Responsábel de Comunicación.

Art.23.- Son funcións da Permanente:

- a) Dar resposta a calquer problema ou feito de importancia que se presente entre reunións da Dirección Nacional.
- b) Executar as decisións acordadas pola Dirección Nacional.
- c) Facer un seguimento constante das actividades da Organización, traballando a todos os niveis polo seu asentamento organizativo.
- d) Convocar as xuntanzas da Dirección Nacional e da Comisión Nacional de Organización, presentándolle as propostas que considere oportunas.
- e) Coordinar o funcionamento de todos os órganos de GALIZA NOVA, a fin de garantir a operatividade do conxunto da Organización.
- f) Propor a actividade formativa.
- g) Aprobar os contidos do voceiro MOCIDADE.
- h) Promocionar a proxección pública nos medios de comunicación, e atender todo o relacionado coa propaganda.
- i) Atender as relacións coas institucións.
- k) Xestionar as finanzas nacionais, planificar o patrimonio e facer seguimento das transferencias.
- l) Operar con entidades bancarias, solicitar créditos, abrir e cancelar contas; alén das potestades nese sentido dos órganos comarcais e locais.
- m) Exercer o control nacional mensual de finanzas.
- n) Elaborar o parte nacional mensual de finanzas.
- ñ) Exercer solidariamente a representación xurídica, legal e económica de GALIZA NOVA, delegando na Secretaria ou no Secretario Xeral a representación global.

o) Todas aquelas que lle delegue a Dirección Nacional, excepto as recollidas nos puntos b), d), e), f), g), h), i) e ñ) do artigo 20.

Art.24.- A Permanente reunirse ordinariamente cada quince días, e extraordinariamente cando as circunstancias o requiran. Convocará a Secretaria ou Secretario Xeral, podendo partir a iniciativa de calquera das ou dos seus membros.

Art.25.- Existirá un departamento dependente da Permanente denominado Servizo Nacional de Publicacións. A Dirección Nacional eleixirá de entre as súas e os seus membros a coordinadora ou coordinador deste servizo.

Art.26.- Son funcións do Servizo Nacional de Publicacións as derivadas do traballo propagandístico, dos aspectos técnicos do voceiro MOCIDADE, da impresión das circulares internas e de todos aqueles traballos deste tipo que lle encargue a Permanente. Así mesmo, deberá publicar, baixo a dirección da propia Permanente, os documentos resultantes das Asembleas Nacionais no prazo máis breve posíbel. Do mesmo xeito, este servizo asesorará e promoverá a edición de voceiros e revistas de carácter local e comarcal.

Art.27.- 1.- Son funcións da ou do Secretaría/o Xeral:

- a) Representar publicamente a Organización.
- b) Representar GALIZA NOVA nos órganos de dirección do BNG.
- c) Convocar as reunións dos órganos de dirección.
- d) Levar un seguimento da actividade política.
- e) Coordinar o traballo da Permanente.

2.- Son funcións da ou do Responsábel de Organización:

Levar o seguimento da situación organizativa.
Promover a expansión organizativa e o espallamento en xeral do proxecto de GALIZA NOVA.

3.- Son función da ou do Responsábel de Finanzas:

Levar o seguimento contínuo da situación financeira.
Ocuparse das finanzas de GALIZA NOVA seguindo as directrices do capítulo V destes Estatutos.

Art.28.- GALIZA NOVA estrutura o seu labor sectorial nas seguintes áreas de traballo:

- a) Universidade.
- b) Ensino Medio.
- c) Cultura.
- d) Feminismo.
- e) Liberdades Sexuais.
- f) Ecoloxismo.
- g) Antimilitarismo e Pacifismo.
- h) Emprego.
- i) Asociacionismo.

Art.29.- GALIZA NOVA estrutúrase en localidades e comarcas, e os seus organismos de base son as Asembleas Locais e Comarcais, que se reunirán a convocatoria da ou o Responsábel Local ou Comarcal.

Art.30.- As Asembleas Comarcais reuniranse cunha periodicidade ordinaria de dous meses. As Asembleas Locais reuniranse como mínimo unha vez ao mes. Terán como funcións debater e analizar a situación da localidade, da comarca e a nivel nacional, e elaborar liñas de traballo a desenvolver por GALIZA NOVA na localidade, na comarca e na Galiza. As Asembleas Locais e comarcais estarán compostas por todas e todos os militantes desa localidade ou comarca.

Art.31.- Cada localidade contará coas comisións de traballo que estime oportuno constituír, tendo en conta as caracte-

ísticas, circunstancias e prioridades que presente. As e os militantes de GALIZA NOVA integraranse en cada localidade no sector onde se desenvolverá o seu traballo político, sen prexuízo da súa colaboración con outros sectores.

Art.32.- A Dirección Comarcal estará composta polas e polos responsábeis locais das distintas Asembleas Locais que conforman a comarca, pola/o Responsábel Comarcal, pola/o Vice-Responsábel Comarcal, pola/o Responsábel de Finanzas, por todas e todos aqueles militantes da comarca membros da Dirección Nacional e por calquera outro militante que así o estime oportuno a Asemblea Comarcal.

Art.33.- Onde se considere preciso, poderase formar a Dirección Comarcal, que se reunirá con periodicidade mensual. As súas funcións serán as de coordinar o traballo político a nivel comarcal a calquera tema que poida xurdir. Prestarán especial atención á expansión organizativa no ámbito da súa comarca.

Art.34.- As Asembleas Locais e Comarcais poderanse dotar dun regulamento interno que en ningún caso poderá entrar en contradicións cos presentes Estatutos e que será coñecido pola Permanente.

CAPÍTULO IV: DA ASEMBLEA DE MULLERES DE GALIZA NOVA

Art.35.- A Asemblea Nacional de Mulleres é o máximo órgano de decisión en temas de feminismo de GALIZA NOVA.

Art.36.- Fan parte da Asemblea de Mulleres as militantes de Galiza Nova

Art.37.- A Asemblea Nacional ordinaria de Mulleres reunirse cunha periodicidade semestral, convocada pola Mesa Nacional cun mes de antelación. A Asemblea Nacional extraordinaria celebrarase cando así o solicite calquera Asemblea Comarcal e/ou a Mesa Nacional.

Art.38.- A Asemblea de Mulleres de GALIZA NOVA contará cunha Mesa Nacional integrada pola Responsábel Nacional, Responsábeis Comarcais, Responsábel de Finanzas, Responsábel de Boletín e outras responsabilidades que estimen convenientes.

Art.39.- A Mesa Nacional reunirse trimestralmente.

Art.40.- A Asemblea de Mulleres estruturarase en localidades e comarcas, sendo os seus organismos as Asembleas Locais e Comarcais.

Art.41.- Fan parte da Asemblea Local e Comarcal de Mulleres as mozas militantes que voluntariamente o decidan.

Art.42.- As Asembleas Comarcais de Mulleres reuniranse cunha periodicidade trimestral. As Asembleas Locais reuniránse, como mínimo, unha vez ao mes.

Art.43.- Cada Asemblea Comarcal e Local poderá contar coas Mesas Comarcais e Locais que estime oportuno construír.

CAPÍTULO V: DAS FINANZAS

Art.44.- GALIZA NOVA ten un patrimonio propio que administrará segundo as disposicións deste capítulo. O financiamento da Organización provirá de:

- a) As cuotas da militancia.
- b) Os acrescentamentos patrimoniais a título gratuito e subvencións, do tipo que sexan.
- c) A venda de publicacións ou calquera outro ben a nivel nacional.
- d) O endebedamento através de créditos.
- e) Calquera outra fonte aprobada pola Dirección Nacional.

Art.45.- As subvencións solicitadas ou concedidas a calquera nivel organizativo serán coñecidas pola Permanente, que renderá contas diante da Dirección Nacional.

Art.46.- As Asembleas Comarcais cubrirán trimestralmente un parte de finanzas comarcal no que figurarán ingresos e gastos, transferencias á Caixa Nacional, saldo e demais detalles financeiros, segundo o modelo que aprrobe a Dirección Nacional. A copia deste parte mandarase á ou ao Responsábel de Finanzas.

Art.47.- Existirá un parte de finanzas nacional que recollerá os movementos financeiros da Caixa Nacional. A Permanente exercerá o control deste parte. Calquera membro da Dirección Nacional e da Comisión de Organización e Finanzas poderán coñecer o estado financeiro de GALIZA NOVA. En calquera caso, a Permanente fará coñecer á Dirección Nacional o estado global das contas da Organización.

Art.48.- Existirá un libro nacional de finanzas baixo a Responsabilidade de Finanzas, onde figurarán datadas todas as transaccións realizadas a nivel nacional, co correspondente anexo de facturas e xustificantes.

Art.49.- Perante a dirección Nacional darase conta da situación xeral das finanzas e do cumprimento dos obxectivos neste terreno. A Dirección Nacional aprobará un orzamento anual para a Organización durante o período do exercicio económico de referencia.

Art.50.- Establécese o seguinte sistema distributivo do total das cotizacións recadadas nun trimestre:

o 50% dos ingresos por cotizacións por cada Asemblea Local pasará a engrosas a Caixa Nacional.
o 50% dos ingresos por cotizacións por cada Asemblea Local pasará a engrosar a Caixa Local ou Comarcal, segundo o caso e na porcentaxe que marquen os organismo locais e comarcais.

Art.51.- Cada Asemblea Local ou Comarcal poderá contar coa súa propia Caixa.

Art.52.- A distribución das cuotas recadadas está en función do número de militantes de cada localidade ou comarca e do conxunto da Nación. Portanto, actualizarase o listado de militantes de cada comarca en cada reunión da Asemblea, obtendo así a cifra exacta que cada comarca deberá aportar á Caixa Nacional en cada trimestre.

Art.53.- A permanente dotarase dun inventario de bens e patrimonio propiedade de GALIZA NOVA a nivel nacional, que irá actualizando.

Art.54.- Aínda que a cuantía das cuotas ordinarias concidirá co disposto en cada momento pola Dirección Nacional, existirá de xeito voluntario unha cotización extraordinaria das e dos militantes.

CAPÍTULO VI: DAS RELACIÓNS CO BNG

Art.55.- Ao abeiro do disposto no "Protocolo de Relación e Integración de Organización da Mocidade na estrutura Frentista do BNG" GALIZA NOVA ten dereito a:

- a) Estar representada en todos os órganos de dirección do BNG (Executiva, Consellos Nacional, Comarcal e Local). A Secretaria ou o Secretario Xeral e as ou os Responsábeis Comarcais e Locais serán os máximos responsábeis da representación de GALIZA NOVA nos órganos do BNG. No seu defecto, que a Asemblea pertinente decida. Se unha comarca do BNG abranxe máis dunha de GALIZA NOVA ou viceversa, serán as Asembleas Comarcais implicadas as que arbitren as medidas necesarias para garantir a representación.
- b) A consideración das súas e seus militantes como militantes de pleno dereito do BNG, escusándose de contribuír ás cotizacións.
- c) Estar presente e ser tida en conta nos programas e planificacións organizativas que o BNG leve a cabo.
- d) Actuar como organización autónoma do BNG para a elaboración teórica e a intervención práctica na especificidade da política xuvenil, sendo responsábel do desenvolvemento do proxecto político para o colectivo xuvenil.

Art.56.- GALIZA NOVA procurará acordar todo tipo de acordos co BNG a nivel nacional, comarcal e local, tendentes ao usufruto mutuo da infraestrutura que se posúa e ao financiamento do traballo político de GALIZA NOVA.

Art.57.- GALIZA NOVA promoverá a implicación e integración da súa militancia en todas as estruturas do BNG.

CAPÍTULO VII: DAS NORMAS DE FUNCIONAMENTO

Art.58.- Os acordos de calquera órgano local, comarcal ou nacional adoptaranse por maioría simple, salvo nos casos doutro xeito regulados nestes Estatutos ou nos Regulamento de Funcionamento Interno do órgano en cuestión.

Art.59.- As xuntas de calquera órgano consideraranse validamente constituídas en primeira convocatoria cando asistan a metade máis un dos seus membros, sempre que á reunión fosen convocadas todas e todos os componentes do órgano, comunicándolles hora, data, lugar e orde do día con, cando menos, cuarenta e oito horas de antelación. En segunda convocatoria media hora máis tarde se, sexa cal for o número de asistentes, e sempre que o acorden por maioría simple. Non se considerará válida a ningún feito calquera reunión, nin acordos tomados nela, que non se fagan segundo o disposto nos presentes Estatutos.

Art.60.- De cada reunión dos distintos órganos, levantarase acta, na que constarán os asistentes, os acordos adoptados e as cotizacións realizadas, debendo reflectir as intervencións que sexan solicitadas. As actas da Permanente, Dirección Nacional e Comisión Nacional de Organización serán coñecidas polos órganos de base.

Art.61.- As eleccións para calquera responsabilidade faranse mediante voto secreto, sempre que concorra máis dunha persoa ou solicite algunha das ou dos asistentes.

DISPOSICIÓNS XERAIS

PRIMEIRA.- A modificación dos presentes Estatutos corresponde en exclusiva á Asemblea Nacional, e a súa interpretación á Dirección Nacional.

SEGUNDA.- As organizacións ou colectivos xuvenís de ámbito local, comarcal ou nacional, poderán establecer fórmulas de asociación con GALIZA NOVA. O acordo de adhesión debe ser aprobado pola Dirección Nacional. Os termos organizativos, económicos ou de calquera tipo estableceranse no propio acordo de adhesión, debendo este ser ratificado pola Asemblea Nacional.

TERCEIRA.- O proceso de eleccións internas ordinarias na estrutura de GALIZA NOVA realizarase con posterioridade á celebración da Asemblea Nacional, de cara a adaptala ás posibles modificacións que a Asemblea Nacional acorde nos Estatutos.

CUARTA.- Os Estatutos do BNG serán, en todo caso, supletivos aos presentes.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

ÚNICA.- Fican derrogadas as anteriores normas Estatutarias.

RESOLUCIÓNS DA XIV ASEMBLEA NACIONAL

A XIV Asemblea Nacional de Galiza Nova, que se celebrou o pasado 26 de novembro en Compostela, aprobou as seguintes resolucións de apoio ás loitas populares na Galiza e á causa emancipadora dos pobos oprimidos, a quen quixemos, unha vez máis, expresar todo o apoio da mocidade nacionalista desde o noso organismo de decisión máximo, a Asemblea Nacional.

PRIMEIRA

O BNG é a mellor ferramenta socio-política coa que conta Galiza para mellorar as condicións de vida da mocidade e o pobo galego, para dar respostas necesarias ás problemáticas da nosa poboación e construír alternativas concretas e reais, o mellor instrumento capaz de erguer a nación e construír futuro en Galiza, defendendo a capacidade de decidir do noso pobo e camiñando cara a autodeterminación. Por todo isto a XIV Asemblea Nacional de Galiza Nova considera fundamental a involucración total da nosa militancia no proceso Adiante emprendido polo BNG, co obxectivo de relanzar o nacionalismo socialmente e, en especial, entre a mocidade. A militancia de Galiza Nova comprométese co BNG no seu día a día, ampliando aínda máis a nosa implicación e participación, entendo necesaria a actualización do protocolo de integración de Galiza Nova no BNG co obxectivo de incrementar a achega xuvenil ao Bloque e a importancia da mocidade.

SEGUNDA

A loita contra o feminicidio é diaria, en todos os ámbitos, en todos os planos. As mozas galegas padecemos as violencias machistas e somos asasinadas polo feito de sermos mulleres. O terrorismo machista son todos os comportamentos e accións que coaccionan, limitan e restrinxen as liberdades das mulleres e tamén a súa propia dignidade. O terrorismo machista non é unha cuestión privada, é unha cuestión pública pois o persoal é político. Adiante Asemblea de Mulleres de Galiza Nova e a loita feminista!

TERCEIRA

A XIV Asemblea Nacional de Galiza Nova parabeniza a Erguer. Estudantes da Galiza polo éxito da da folga contra a LOMCE e as reválidas neste xoves 24 de novembro. Erguer Estudantes da Galiza é a nosa organización de referencia no movemento estudantil e comprómetémonos a colaborar no seu fortalecemento. Do mesmo xeito desexamos a Erguer grandes éxitos na loita polo ensino público galego.

CUARTA

Galiza Nova denuncia as políticas do goberno español e da Xunta, que precarizan as condicións laborais e de vida da mocidade galega, obriándoa a padecer a miseria, o paro e a emigración. Non aturamos a represión que exerce o estado español e a patronal sobre a clase traballadora galega. Por tanto, continuaremos loitando xunto á nosa central sindical de referencia, a CIG, na conquista dos dereitos sociolaborais e unha Galiza ceibe de explotación. Toda a nosa solidariedade coas traballadoras e traballadores de Ferroatlántica.

DIRECCIÓN NACIONAL DE GALIZA NOVA

QUINTA

Galiza Nova denuncia a responsabilidade directa do goberno da Xunta de Galiza na diminución do número de galegofalantes debido ás políticas galegófobas que perseguen a nosa lingua nas aulas, xulgados, administración... Na defensa do galego non daremos un paso atrás até que a nosa lingua sexa plenamente normalizada.

SEXTA

Galiza Nova apoia os procesos soberanistas nos Países Catalans e Euskal Herria e condena a acción imperialista, opresora e militarista que o sistema exerce sobre os pobos que loitan. Ben sexa mediante a violencia como a opresión de Israel sobre Palestina, con golpes de estado camuflados como en Brasil ou Venezuela, ou por medio da desestabilización e financiamento de grupos armados como o ISIS en Siria. Máis unha vez a mocidade galega contra a fascismo en Ucraína e Turquía. Galiza Nova cos pobos do mundo.

A XIV Asemblea Nacional de Galiza Nova solidarízase coa revolución cubana pola perda do seu líder, o Comandante Fidel Castro, exemplo para todos os pobos do mundo que loitan pola súa liberdade. Cuba si, ianquis non!

SÉPTIMA

Galiza Nova denuncia o espolio colonial dos nosos recursos e a destrución do medio, como o atentado ecolóxico que pretenden facer en Lousame. Apoiamos a defensa do territorio, os montes en man común, os espazos naturais, coma o Monte Pindo ou a Cova de Eirós, o saneamento das nosas rías esixindo desaparición de ENCE da ría de Pontevedra.

OITAVA

Priorizamos a organización da mocidade en Galiza Nova para acumular forzas cara ao obxectivo político da consecución dun novo status para Galiza, superando o corrupto marco constitucional español por medio do avance do proceso de autodeterminación e da constitución da República da Galiza, conformando unha sociedade libre, xusta, solidaria e equitativa.





DELEGACIONES CONVIDADAS E SAÚDOS RECIBIDOS

- 1.- **Alberte Fernández Silva**, Pontevedra. **Secretario Xeral de Galiza Nova**
- 2.- **Olalla Rodil Fernández**, Lugo Centro
- 3.- **Claudia Quintela Misa**, Compostela
- 4.- **Miguel Bouzó Rodríguez**, O Condado
- 5.- **Rebeca Cambeiro Graña**, Compostela
- 6.- **Adrián Rodríguez Bravo**, Vigo
- 7.- **Navia Rivas De Castro**, A Montaña
- 8.- **Alberte Paz Calo**, Compostela
- 9.- **Elvira Blanco Pérez**, Barbanza
- 10.- **Iria Carreira Pazos**, A Montaña
- 11.- **Marcos Vilamor Pérez**, Compostela
- 12 **Jessica García Cruz**, Vigo
- 13 **Andrés Blanco López**, O Salnés
- 14 **Sabela Bará Louro**, Pontevedra
- 15 **Alexandre Louzao Carreira**, Vigo
- 16 **Alba García Sánchez**, Monterrei
- 17 **Xocas Bermello Corominas**, A Coruña
- 18 **Sara Freiría Durán**, Baixo Miño
- 19 **Alberto Oubiña Piay**, Pontevedra
- 20 **Iria Buide Pena**, Lugo Centro
- 21 **Marcos Fernández Rodríguez**, Ourense – O Carballiño
- 22 **Marta Antonio Domínguez**, O Condado
- 23 **Brais Igrexas Espantoso**, Ferrolterra
- 24 **Antía Ínsua Lema**, Costa da Morte

*As 10 primeiras persoas forman parte da Comisión Permanente, á que se engadirá a Responsábel da Asemblea Nacional de Mulleres



INTERVENCIÓN DO SECRETARIO XERAL

ESTIVERON PRESENTES AS SEGUINTE ORGANIZACIÓNS XUVENIS INTERNACIONAIS:

Juventude Comunista Portuguesa (Portugal)
 Juventude do Bloco de Esquerda (Portugal)
 Union Démocratique Bretonne Jeunes (Bretaña)

SAÚDOS RECIBIDOS:

Juventud del Partido Socialista Unido de Venezuela
 Plaid Ifanc Youth (Gales)
 Sinn Féin Republican Youth (Irlanda)
 Gazte Abertzaleak (Eushal Herria)
 Assemblees de Joves Per la Unitat Popular (Países
 Catalans)
 Juventuts d' Esquerra Republicana de Catalunya
 (Países Catalans)
 Scida Giovunus Independentistas (Sardeña)
 Sanca Venetta (Venetto)
 Mocidade da Alianza Libre Europea
 Hassanna Aalia, mozo e activista saharai

ORGANIZACIÓNS NACIONAIS ASISTENTES NA CLAUSURA:

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
 A Mesa Pola Normalización Lingüística
 Mocidade Pola Normalización Lingüística
 Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)
 Associação Galega da Língua (AGAL)
 Asociación Socio-Pedagóxiga Galega (ASPG)
 Briga
 Confederación Intersindical Galega (CIG)
 Erguer. Estudantes da Galiza
 Federación Rural Galega (FRUGA)
 Fronte Obreira Galega (FOG)
 Isca
 Marcha Mundial das Mulleres
 Organización Galega de Comunidades de Montes
 Partido Comunista do Povo Galego (PCPG)
 Plataforma Galega pola Defensa do Ensino Público
 Unión da Mocidade Galega (UMG)



Compañeiras e compañeiros de Galiza Nova, Portavoz Nacional do BNG e delegacións nacionais e internacionais convidadas que nos acompañades, é para min unha honra falarvos hoxe aquí como novo Secretario Xeral de Galiza Nova.

Síntome profundamente orgulloso de formar parte do BNG e de Galiza Nova desde os 16 anos porque sei que non existe nada máis revolucionario neste país que ser nacionalista, porque non hai maior acto de desobediencia cara o sistema que ser do BNG e de Galiza Nova, e que non hai nada máis útil para conquistar un futuro digno e a liberdade na nosa terra.

Cada día somos máis, somos parte dun proxecto colectivo vivo que cada día medra coa incorporación de máis mozas e mozos en todo o país que se unen para CONSTRUIR GALIZA.

Neste ano, no que se cumpre o centenario do nacionalismo, das Irmandades da Fala; a mocidade nacionalista tivemos unha xuntanza de debate e posta en común de ideas e estratexias. Deste xeito rematamos un longo

período comezando meses atrás. Un proceso de debate e análise do noso contexto, de proposta de alternativas para a estratexia a seguir, así como dos obxectivos que perseguiremos nos vindeiros dous anos. Culminamos este proceso de actualización da nosa liña política comezada nas asembleas comarcais e na Dirección Nacional coa aprobación das nosas teses no día de hoxe e escollamos unha nova Dirección que levará a cabo os acordos que todas e todos nós decidimos colectivamente.

Deste xeito consideramos fundamental afondar na liña de axilización do traballo da organización iniciada na XIII Asemblea Nacional, unha maior expansión organizativa e territorial, na que a nosa militancia estea en contacto directo cos problemas e intereses da mocidade galega e mellorar as nosas ferramentas á hora de trasladar as nosas respostas aos mesmos. Para isto impulsaremos campañas de ámbito local e comarcal atendendo aos problemas máis directos da mocidade galega, aportando solucións e respostas aos mesmos.

Galiza Nova estará sempre ao carón da mocidade galega, sendo consciente das súas inquietudes e intereses e

realizando propostas para as súas necesidades. Temos que ser quen de achegar máis mocidade ao proxecto de construción e liberación nacional, e farémolo sabendo relacionar os seus problemas máis directos co ideario nacionalista, a resposta a todos eles.

Queremos unha mocidade que non renegue da súa cultura, e dos rasgos que nos caracterizan como galegas e galegos. A nosa Historia, a nosa cultura e os nosos símbolos nacionais foron deturpados e esmagados durante séculos coa finalidade de facer desaparecer toda diferenciación entre a mocidade galega. Mención especial merece a lingua galega, a nosa principal ferramenta para entender o mundo e para expresarnos, que entre a mocidade, cada vez máis españolizada, perde falantes de maneira dramática.

Aos 15 anos, no verán entre terceiro e cuarto da ESO, nun contexto dun instituto de Pontevedra no cal o galego só era falado por parte do profesorado, dei o paso a falar unicamente en galego, non sabía moi ben por qué, pero tiña claro que se non o falaba eu, que sempre falara en galego na casa, ninguén o ía facer.

Fronte a esta situación temos que rebelarnos, temos que denunciar estas políticas lingüicidas, temos que defender o idioma como dicía Manuel María, con raiba, con furor e a metrallazos! E o mellor xeito de facelo é falándoo, falar galego é o maior feito de rebeldía que podemos facer fronte a quen busca eliminar a identidade do noso povo, porque se aínda somos galegos, é por obra e gracia do idioma.

Queremos traballo digno e na terra, a nosa mocidade está condenada á precariedade, con traballos con contratos incluso de menos dun día e nunhas condicións de semi-escravitude, o desemprego ou a facer as maletas. Todas as persoas que aquí nos atopamos coñecemos casos de mozas e mozos que teñen que emigrar, que teñen que emigrar dunha terra inmensamente rica pero da cal se lles expulsa, coma o caso da nosa compañeira da Dirección Nacional Lucía Veciño, que o ano que vén abandonará o país. Querémoslas de volta, e por iso impulsaremos xunto co BNG o Plan Retorna, queremos que a mocidade emigrada regrese, e que ninguén máis teña que marchar!

Para rachar con esta situación Galiza precisa ser soberana, decidir sobre o seu. Para poder desenvolver plenamente as nosas capacidades como nación. Os nosos sectores estratéxicos poden proporcionar milleiros de postos de traballo de calidade á mocidade que hoxe en día se atopa nunha situación de precariedade, desemprego, ou fóra do país; só precisamos decidir sobre o noso para poder desenvolverlos.

Seguirá sendo o noso principal compromiso será traballar na loita feminista e a destrución do heteropatriarcado. Loitaremos sen descanso contra as violencias machistas, con autoorganización e traballo na base coa mocidade galega, dándolle máis pulo á Asemblea de Mulleres de Galiza Nova. Queremos plantar a semente do feminismo por todo o país e traballaremos día a día por unha república galega das mulleres libres.



Do mesmo xeito tamén se dotará á Comisión de Liberdades Sexuais de Galiza Nova de máis impulso. Seguiremos traballando polos dereitos da mocidade LGTBI, e por unha sexualidade plena, libre e gozosa.

Os retos que temos por diante non son tarefa fácil, para levalos a cabo precisamos formación, esta debe ser unha prioridade para a nova Dirección Nacional. Galiza Nova non debe desatender nunca a formación da súa militancia, pois como organización xuvenil esta está en continua renovación. Coma mozas e mozos que queremos cambiar o mundo non debemos deixar nunca de aprender.

Galiza Nova xogará un papel fundamental do relanzamento do BNG e do nacionalismo como movemento sociopolítico, debemos de estreitar aínda máis os lazos e aumentar a participación da mocidade na fronte patriótica, porque de nós depende o futuro do nacionalismo. Nós somos o futuro deste país, e reforzar o seu movemento de liberación nacional é a nosa misión na Historia.

O BNG tense reforzado historicamente grazas a cadros políticos formados na nosa organización e así ten que seguir a ser. Temos moitos e moi bos exemplos aquí presentes, Bieito Lobeira, Ana Pontón, Rubén Cela... ou o caso máis próximo, o dunha persoa a cuxa entrega, dedicación e saber facer debemos en grande medida que hoxe Galiza Nova sexa unha organización moito máis activa e dinámica que hai 4 anos, o noso compañeiro Alberte Mera, que hoxe remata a súa etapa como Secretario Xeral de Galiza Nova pero do que seguiremos a aprender no BNG!

Grazas por estes catro anos!, fixeche moito máis fácil militar nesta organización e foi un orgullo para min ter podido traballar contigo!

Xa temos analizadas as causas da nosa situación, coñecemos aos culpábeis, e sabemos a onde queremos ir. Hoxe comeza unha nova etapa, na que toca porse en marcha, na que toca seguir a construír Galiza. Neste camiño é fundamental a implicación de toda a militancia. Galiza Nova formámola todos e todas nós. De nós depende que sexamos quen de levar adiante os retos que nos marca- mos hoxe. Incluso a acción máis pequena que realice calquera de nós pode converterse nalgo moi grande grazas á organización, porque organizándonos formamos parte dun engranaxe perfecto que traballa sen descanso para acadar os nosos obxectivos estratéxicos.

Non imos deixar de loitar por unha sociedade máis xusta, unha Galiza Ceive, nun mundo solidario onde o imperia- lismo e as guerras sexan cousa do pasado, un mundo de povos e nacións libres con outra orde mundial en servizo das clases traballadoras. Queremos vivir con indepen- dencia, porque a mocidade e o pobo galego, como dixo Castelao, unicamente deixarán de loitar pola súa liberda- de o día que a conquisten!

Viva a XIV Asemblea Nacional de Galiza Nova!
Viva o Bloque Nacionalista Galego!
Viva Galiza ceive e popular!



a mocidade
construíndo
Galiza

www.galizanova.gal

 nacional@galizanova.gal

 Galiza Nova

 Galiza Nova

